

PLANO

FILO

UDO

20 14

20 20

OO  
XX  
E  
A  
R  
S  
E

## ÍNDICE

<b>Presentación</b>	p. 3
<b>1. Misión, visión e valores da Facultade de Filoloxía</b>	p. 4
1.1. Misión	p. 5
1.2. Visión	p. 6
1.3. Valores	p.7
<b>2. Obxectivos estratéxicos e plans de mellora da Facultade de Filoloxía</b>	p. 8
2.1. Área 1: Docencia e aprendizaxe	p. 9
2.2. Área 2: Investigación, innovación e transferencia	p. 31
2.3. Área 3: Responsabilidade social	p. 46
2.4. Área 4: Internacionalización	p.57
2.5. Área 5: Financiamento e uso eficiente dos recursos	p. 65
<b>3. Anexo 1: Composición dos grupos de traballo</b>	p. 74
<b>4. Anexo 2: Cadros de obxectivos, liñas de actuación e indicadores</b>	p. 76
<b>5. Anexo 3: Cadros operativos</b>	p. 88



## Presentación

María Jesús Lorenzo Modia

Decana da Facultade de Filoloxía

Teño o pracer de presentar o Plano Estratéxico da Facultade de Filoloxía para o período 2014-2020, en que se recollen os obxectivos do noso centro para ese período.

O documento foi confeccionado pola Comisión de Estratexia e Calidade, organizada nos cinco grupos que se recollen no apartado 2.6., e recolle as áreas identificadas no Plano Estratéxico 2013-2020 da UDC: docencia e aprendizaxe; investigación, innovación e transferencia; responsabilidade social; internacionalización, e financiamento.

Neste Plano Estratéxico definimos o que queremos ser a partir da consciencia do que xa somos. Para alén diso, incorporamos un modelo de corresponsabilidade e participación na definición e na consecución dos obxectivos que nos levarán a ser un centro fortalecido e que poida afrontar nos próximos anos as mudanzas sociais, económicas e culturais da nosa contorna. A nosa vontade é sermos un modelo de referencia na transparencia, rigor, eficacia e eficiencia e manter o compromiso coa sociedade que nos financia e a cal servimos.





## **1. MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA FACULTADE DE FILOLOXÍA**



## 1.1. Misión

**SOMOS** un centro público universitario ao servizo da sociedade, nomeadamente a galega, que, desde a nosa condición de centro educativo pertencente ao ámbito de coñecemento das ciencias humanas e sociais, asume e comparte a formulación da misión da Universidade da Coruña: a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática, cooperativa e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

**DEDICÁMOS** a formar con calidade nos saberes, métodos científicos e competencias propios das titulacións que impartimos, a capacitar o alumnado para o exercicio de actividades profesionais no ámbito desas titulacións e a crear, difundir, intercambiar e transferir coñecemento e experiencias desde as diferentes áreas científicas.

## 1.2. Visión

**QUEREMOS SER** en 2020:

1. Unha facultade que sexa modelo de referencia na transparencia, rigor, eficacia e eficiencia da súa xestión.
2. Unha facultade que impulse os procesos de participación dos colectivos que a integran nas decisións que afectan ao conxunto da Facultade.
3. Unha facultade que reforce a calidade e a innovación na xestión, nos servizos e no proceso de ensino-aprendizaxe no marco do EEES.
4. Unha facultade que preste a atención aos procesos de inserción dos titulados e das tituladas no mercado laboral, intensificando a relación cos axentes sociais e económicos.
5. Unha facultade que elabore titulacións e planos de estudo rigorosos e axeitados aos avances do coñecemento científico nos ámbitos da súa competencia.
6. Unha facultade que manteña o compromiso coa sociedade que a financia e a cal serve, ofertando títulos académicos de interese, e coherentes coas necesidades e peculiaridades do contorno.



### 1.3. Valores

A Facultade de Filoloxía da UDC, no cumprimento das súas finalidades propias, e como institución pública, civil, autónoma, inclusiva e laica, rexerese polos seguintes valores e principios:

1. A igualdade de oportunidades mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade e así mesmo mediante a defensa ao acceso universal á universidade e o fomento dunha cultura de non discriminación.
2. O esforzo das persoas como aspecto clave do progreso e do desenvolvemento individual.
3. A participación, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da comunidade universitaria no proceso de toma de decisións.
4. O compromiso e a responsabilidade social con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilizándonos do cultivo, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais, tanto no ámbito artístico como no urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.
5. O respecto ao medio ambiente como universidade socialmente responsable, xestionando os recursos á nosa disposición para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando a maior eficiencia e eficacia no seu uso.
6. A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.
7. A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de acadar maiores cotas de benestar social.
8. A transparencia como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a adecuada verificación das nosas actuacións.
9. A relación con outros centros de ensino universitario do ámbito nacional e internacional, propiciando o intercambio académico e investigador.





## **2. OBXECTIVOS ESTRATÉTICOS E PLANS DE MELLORA**



## 2.1. Área 1 DOCENCIA E APRENDIZAXE

### DOCENCIA E APRENDIZAXE OBJECTIVO ESTRATÉXICO 1

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable
<b>OBJECTIVO ESTRATÉXICO 1</b>  Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior	<p>1.1 Profundar na integración das titulacións no EEES.</p> <p>1.2 <i>Continuar a aposta por establecer contornos de aprendizaxe máis interactivos e estimulantes.</i></p> <p>1.3 Afondar no uso das novas ferramentas tecnolóxicas para a docencia non presencial e en liña.</p> <p>1.4 Facilitar a adecuación da organización académica ás novas metodoloxías e á innovación docente.</p> <p>1.5 Desenvolver e mellorar os mecanismos de coordinación internos en cada titulación.</p> <p>1.6 Mellorar a formación continua e a renovación e innovación docente do profesorado.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Relacións Internacionais</p> <p>Vicerreitor/a competente en materia de Títulos</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>COA</p> <p>CEC</p> <p>Coordinadores/as dos títulos</p> <p>Profesorado</p>

### DA1.1 Graduación

UDC	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
	DA1.1 Graduación	Taxa de graduación igual ou superior ao 25% en 2015 e 30% en 2020.	21,8%	> = 25%	≥ 30%

  

FILO	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
	DA1.1 Graduación	Alcanzar unha taxa de graduación igual ou superior ao 30% en 2015 e ao 40% en 2020.		≥ 30%	≥ 40%

### 1. DATOS

Taxa de graduación 2012/2013	Proposta memorias	Filoloxía	Artes e Humanidades	UDC
Graos	30 % (GE) 40-45 % (GGP) 40% (GI)	23,17%	22,33	27,31
Mestrados	MLCD (70%) MLUP (65%) MILA (70%)	64,52%	46,30%	57,14%

### 2. REFLEXIÓN

Á vista da definición, segundo o SGIC da UDC a taxa de graduación non pode aínda calcularse nos graos, pois a primeira promoción de graduados (aos 4 anos) tivo lugar no curso 2012/2013; deste modo, só foi posible obter os datos ao finalizar o curso 2013/2014. Os datos de que dispoñemos no Datawarehouse son aínda provisorios e ofrécennos unha media do 23,17% de taxa de graduación nos 3 graos (Grao en Español / Galego e Portugués / Inglés: Estudos lingüísticos e literarios). Porén, ao termos unha primeira promoción de graduados do curso 2012/2013, podemos obter un cálculo parcial da taxa de graduación, ofrecida polo Datawarehouse e o SGIC da UDC. Así, temos 22 estudantes graduados nos 3 graos da Facultade (6 do Grao en Español; 4 do Grao en Galego e Portugués; 12 do Grao en Inglés), o que conforma unha porcentaxe do 23,17% na taxa de graduación. Esta taxa é minimamente superior á rama de coñecemento Artes e Humanidade (22,33%), mais sitúase por debaixo da media da UDC (27,31%). Como é obvio, o dato parcial está por debaixo da media das propostas establecidas nas memorias (30 % (GE); 40-45 % (GGP); 40% (GI)), co cal cómpre estarmos pendentes desta taxa despois do cálculo real para ver se é preciso realizarmos Plans de Mellora unha vez finalice o curso 2013/2014.

Nos mestrados da Facultade (entre os cales temos os extinguidos e mais o Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade), a taxa de graduación da Facultade de Filoloxía sitúase no 64,52%. Este dato supón unha porcentaxe superior nun 20% á media dos títulos segundo a rama de coñecemento Artes e Humanidades (46,30%) e unha porcentaxe por volta do 10% superior á media da UDC (57,14%). Con todo, situámonos minimamente por debaixo da media das memorias (70%), de modo que convén tentarmos mellorar a taxa de graduación nos mestrados como Plan de Mellora.

Cómpre termos en conta que neste cálculo non contemplamos as licenciaturas, pois cremos que non deben incluírse na reflexión deste Plan Estratéxico da Facultade de Filoloxía 2014-2020 ao facermos unha proxección dos títulos con dereito a docencia. Alén disto, moitos estudantes das antigas licenciaturas mudaron de grao, o que crea distorsións nas diversas taxas de graduación, abandono etc. Estas distorsións deixarán de producirse a partir do curso 2014/2015, en que se extinguen as licenciaturas.

O contexto de crise económica que estamos a vivir sen dúbida pode estar a influír na taxa de graduación. Con todo, non resulta fácil definirmos os índices que nos podan axudar a determinar esta influencia.

### **3. METAS**

Alcanzar unha taxa de graduación igual ou superior ao 30% en 2015 e ao 40% en 2020.

### **4. PLANS DE MELLORA**

Mellora da taxa de graduación dos mestrados da Facultade até nos aproximar ao 30% en 2015 e o 40% en 2020.

Impulsar as plataformas virtuais que faciliten ao alumnado con dificultades a continuidade nos estudos e permitan ao profesorado facer un seguimento da súa participación asíncrona, especialmente no caso do alumnado con dispensa académica.

### DA1.2 Abandono

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	DA1.2 Abandono	Reducir de forma progresiva a taxa de abandono, ata alcanzar valores inferiores ao 15% en 2020, e ningunha titulación con valores superiores ao 25%.	23,1%	> 80% (entendemos que é un erro; debe ser 20%)	< 15%

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	DA1.2 Abandono	Reducir de forma progresiva a taxa de abandono, ata alcanzar valores inferiores ao 20% en 2015 e ao 15% 2020, e ningunha titulación con valores superiores ao 25%.	24,7%	< 20%	< 15%

## 1. DATOS

### Taxas de abandono dos títulos

Taxa de abandono	Memoria (propostas)	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013
GE	25 %	-	-	29,2 %	23,1 %
GGP	15-20 %	-	-	12,5 %	0 %
GI	25 %	-	-	19,2 %	17,9 %
MLCD	20%	-	-	-	0%
MLUP		21,7%	0%	22,2%	0%
MLEA				20%	25%
FG				15,38%	0%
FH				25%	0%
FI				24,39%	0%

### Comparativa entre centros da UDC curso 2012/2013

Escola Técnica Superior de Arquitectura	Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	Facultade de Ciencias	Facultade de Ciencias da Comunicación	Facultade de Ciencias da Educación	Facultade de Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	Facultade de Dereito	Facultade de Economía e Empresa	<b>Facultade de Filoloxía</b>	Facultade de Fisioterapia	Facultade de Informática	Facultade de Socioloxía	Escola Politécnica Superior	Escola Universitaria de Deseño Industrial	Escola Universitaria Politécnica	Facultade de Ciencias do Traballo	Facultade de Enfermería e Podoloxía	Facultade de Humanidades e Documentación
0,172	0,048	0,000	0,171	0,155	0,120	0,104	0,021	0,073	0,112	0,211	<b>0,247</b>	0,119	0,323	0,218	0,148	0,167	0,000	0,269	0,133	0,286

## 2. REFLEXIÓN

A taxa de abandono media nos títulos que oferta a Facultade de Filoloxía (incluíndo graos, mestrados e licenciaturas) durante o ano 2012/2013 foi de 24,7%, de modo que se sitúa nun 1,6% por encima da media da UDC (23,1%). De todos os modos, cómpre indicar o grao de abandono do 0% no Grao en Galego e Portugués e no Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade. Alén disto, os dous últimos cursos de que dispoñemos datos indícanos unha tendencia á baixa na taxa de abandono.

## 3. METAS

Á vista dos datos propoñemos como meta conseguir unha taxa de abandono inferior ao 20% para o ano 2015 e inferior ao 15% no 2020. Alén disto, e seguindo a tendencia actual, propoñémonos que a taxa de abandono nunca sexa superior ao 25% (límite máximo proposto na media das memorias dos títulos da Facultade).

## 4. PLANS DE MELLORA

Potenciar as titulacións interuniversitarias e internacionais de maneira que podan constituír máis un elemento de estímulo contra o abandono, pois facilitan a mobilidade xeográfica sen abandonar o título

Implementar mecanismos para o seguimento do alumnado das titulacións interuniversitarias, de cara a mellorar a relación interpersonal cos estudantes doutros campus.

### DA1.3 Eficiencia

UDC	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
	DA1.3 Eficiencia	Manter valores da taxa media de eficiencia superiores ao 80%.	85,9%	> 80%	> 80%

FILO	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
	DA1.3 Eficiencia	Manter valores da taxa media de eficiencia superiores ao 90% en 2015 e ao <b>95%</b> en 2020.	93,20% (2013/2014)	> <b>90%</b>	> <b>95%</b>

#### 1. DATOS

Taxa	Memoria (propostas)	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014
Grao en Español	75 %	-	-	-	97,95 %	91,40%
Grao en Galego e Portugués	78-80 %	-	-	-	98,31%	89,14%
Grao en Inglés	75-80 %	-	-	-	98,56%	89,17%
Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade	80%				100%	96,30%
Mestrado en Lingüística Aplicada		85,7%	100%	100%	100%	100%

#### 2. REFLEXIÓN

A taxa de eficiencia media sitúase en torno ao 98%, mais cremos que o obxectivo de manter en 2020 o 95% é moi viable.

#### 3. METAS

Á vista dos datos propoñemos como meta manter os valores da taxa media de eficiencia superiores ao 90% en 2015 e superiores ao **95%** en 2020.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Continuar o proceso de adecuación da carga de traballo ao número de créditos de cada materia.

#### DA1.4 Éxito

UDC	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
	DA1.4 Éxito	Manter valores da taxa de éxito superiores ao 80% ata 2020.	82,7%	> 80%	> 80%

FILO	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
	DA1.4 Éxito	Manter valores da taxa de éxito superiores ao 80% ata 2020.	80% (2012/2013)	> 80%	> 80%

#### 1. DATOS

Taxa de éxito	Licenciatura (media 2002/2003 – 2007/2008)	Memoria (propostas)	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013
GE	-	-	69,6 %	74,3 %	81,9 %	84 %
GGP	-	-	69,7 %	75 %	82,6 %	74,9 %
GI	-	-	80,7 %	76,4 %	80,1 %	81,1 %
MLCD					100%	99%
MLUP			100%	98,7%	96,6%	97,7%
MLEA			100%	100%	100%	100%
Media de Filoloxía	-	-	73,3 %	75,23 %	81,5 %	81,3 %

#### Comparativa entre centros da UDC curso 2012/2013

Escola Técnica Superior de Arquitectura	0,772	Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Pontes	0,721	Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	0,826	Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	0,724	Facultade de Ciencias	0,710	Facultade de Ciencias da Comunicación	0,877	Facultade de Ciencias da Educación	0,936	Facultade de Ciencias da Saúde	0,986	Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	0,842	Facultade de Dereito	0,873	Facultade de Economía e Empresa	0,805	<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>0,813</b>	Facultade de Fisioterapia	0,929	Facultade de Informática	0,654	Facultade de Socioloxía	0,877	Escola Politécnica Superior	0,654	Escola Univ. de Deseño Industrial	0,905	Escola Universitaria Politécnica	0,783	Facultade de Ciencias do Traballo	0,921	Facultade de Enfermería e Podoloxía	0,958	Facultade de Humanidades e Documentación	0,914
---	-------	--	-------	---	-------	--	-------	-----------------------	-------	---------------------------------------	-------	------------------------------------	-------	--------------------------------	-------	---	-------	----------------------	-------	---------------------------------	-------	-------------------------------	--------------	---------------------------	-------	--------------------------	-------	-------------------------	-------	-----------------------------	-------	-----------------------------------	-------	----------------------------------	-------	-----------------------------------	-------	-------------------------------------	-------	--	-------





## **2. REFLEXIÓN**

Esta taxa non se exixía na Memorias de Verificación.

Desde o curso 2009/2010 apréciase unha tendencia á mellora do indicador: dun 70% chegamos ata o 81,3 % en 2012/2013. Con todo, cómpre mellorar especialmente a taxa de éxito do Grao en Galego e Portugués.

Por tanto, convén manter o valor do 80% e camiñar cara á mellora para o ano 2020.

## **3. METAS**

Manter valores da taxa de éxito superiores ao 80% ata 2020.

## **4. PLANS DE MELLORA**

Intensificar o Plano de Acción Titorial.



### DA1.5 Motivación

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	DA1.5 Motivación	Aumentar anualmente os niveis de motivación, medidos pola enquisa de satisfacción de estudantes, ata alcanzar niveis superiores a 6 en 2020.	5,2 / 7		> 6 / 7

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	DA1.5 Motivación	Aumentar anualmente os niveis de motivación, medidos pola enquisa de satisfacción de estudantes, ata alcanzar niveis superiores a 6 en 2020.	5,5 / 7		> 6 / 7

### 1. DATOS

O nivel de motivación do alumnado da Facultade de Filoloxía sitúase en 5,5 puntos sobre 7.

Porén, o nivel de participación do alumnado na realización de enquisas cífrase por baixo do 20%.

### Comparativa entre centros da UDC curso 2012/2013

Escola Técnica Superior de Arquitectura	4,95
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	5,06
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	5,3
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	5,32
Facultade de Ciencias	5,42
Facultade de Ciencias da Comunicación	5
Facultade de Ciencias da Educación	5,51
Facultade de Ciencias da Saúde	5,85
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	5,3
Facultade de Dereito	5,1
Facultade de Economía e Empresa	5
<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>5,5</b>
Facultade de Fisioterapia	5,78
Facultade de Informática	5,2
Facultade de Socioloxía	5,22
Escola Politécnica Superior	4,98
Escola Universitaria de Deseño Industrial	5,38
Escola Universitaria Politécnica	4,54
Facultade de Ciencias do Traballo	6,27
Facultade de Enfermería e Podoloxía	5,5
Facultade de Humanidades e Documentación	5,36

## 2. REFLEXIÓN

A motivación dos estudantes que cursan algún título na nosa Facultade de Filoloxía sitúase en 5,5 puntos sobre 7, levemente por encima da media da UDC (5,2 puntos sobre 7) e conformando o quinto centro con mellor índice de motivación. Con todo, cómpre ter en conta que este resultado provén dunha participación por volta do 20% do total dos nosos estudantes, de xeito que é preciso potenciarmos a realización das enquisas por parte do alumnado (cfr. indicador DA1.6).

Cremos que esta motivación dos nosos estudantes é debida principalmente á calidade das nosas titulacións e do noso profesorado (valorado cunha media de 5,4 puntos sobre 7; fronte ao 5,1 da media da UDC), así como ao feito de termos un índice de preferencia do 85% de media de estudantes matriculados na primeira opción solicitada (cfr. indicador DA3.1 desta Plan Estratéxico).

## 3. METAS

Aumentar anualmente os niveis de motivación, medidos pola enquisa de satisfacción de estudantes, ata alcanzar niveis superiores a 6 en 2020.

## 4. PLANS DE MELLORA

Intensificación do Plan de Acción Titorial.

Fomentar desde a coordinación dos graos a motivación do profesorado, de maneira que esta redunde na do alumnado.



### DA1.6 Participación na avaliación

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	DA1.6 Participación na avaliación	Aumentar ata o 60% no ano 2020 a participación dos estudantes nos procesos de avaliación da satisfacción coa docencia recibida.	19,3%		60,0%

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	DA1.6 Participación na avaliación	Aumentar ata o 60% no ano 2020 a participación dos estudantes nos procesos de avaliación da satisfacción coa docencia recibida.	18,7%		60%

### 1. DATOS

A participación dos estudantes nos procesos de avaliación de satisfacción coa docencia (a través da aplicación Avaliemos) sitúase no 18,7% na nosa Facultade.

### Comparativa entre centros da UDC curso 2012/2013

Escola Técnica Superior de Arquitectura	0,299
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	0,168
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	0,121
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	0,153
Facultade de Ciencias	0,202
Facultade de Ciencias da Comunicación	0,279
Facultade de Ciencias da Educación	0,223
Facultade de Ciencias da Saúde	0,243
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	0,237
Facultade de Dereito	0,090
Facultade de Economía e Empresa	0,166
<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>0,187</b>
Facultade de Fisioterapia	0,146
Facultade de Informática	0,208
Facultade de Socioloxía	0,227
Escola Politécnica Superior	0,247
Escola Universitaria de Deseño Industrial	0,236
Escola Universitaria Politécnica	0,124
Facultade de Ciencias do Traballo	0,194
Facultade de Enfermería e Podoloxía	0,195
Facultade de Humanidades e Documentación	0,246



## 2. REFLEXIÓN

A participación do estudiantado da Facultade de Filoloxía na realización das enquisas de Avaliación da Docencia (AD) que se aloxan na aplicación Avaliemos resulta certamente baixa, pois alcanza unicamente un 18,7%. Se ben esta cifra parece ser común a todas as titulacións da UDC –que ten como media un 19,3%–, cómpre potenciar e mellorar os resultados destas enquisas.

Do noso punto de vista, esta baixa participación radica principalmente na excesiva cantidade de enquisas de avaliación da docencia que o alumnado ten que realizar en cada cuadrimestre, pois é unha por materia e profesorado, para alén das enquisas de satisfacción das titulacións que se cobren no final de cada curso académico. Alén disto, tamén pode estar detrás desta participación o descoñecemento da importancia de cubrir estas enquisas, a pesar de que se lles insiste desde o centro.

Con todo, cómpre destacar que desde a Facultade de Filoloxía se propuxo un Plan de Mellora para aumentar o nivel de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do SGIC, en vigor desde o curso 2012/2013, coa mudanza do soporte dixital para o soporte papel, dado que se detectou que a aplicación Avaliemos non toma ben os datos da PDA da Facultade. Este Plano de Mellora supuxo un elevadísimo índice de participación, por volta do 100% no alumnado de 1.º curso dos tres graos da Facultade.

## 3. METAS

Aumentar ata o 60% no ano 2020 a participación dos estudantes nos procesos de avaliación da satisfacción coa docencia recibida.

## 4. PLANS DE MELLORA

Fomentar a participación do alumnado nas enquisas de avaliación da docencia a través dos títos PAT, *mailing* etc.

### DA1.7 Avaliación docente (Docentia)

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	DA1.7 Avaliación docente	Alcanzar o 100% de profesorado avaliado polo procedemento de avaliación docente, e o 20% de profesorado con máxima valoración en 2020.	25% avaliado; 15% máxima valoración		100% avaliado; 20% máxima valoración

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	DA1.7 Avaliación docente	Alcanzar o 100% de profesorado avaliado polo procedemento de avaliación docente, o 20% de profesorado con máxima valoración e o 30% con valoración notábel en 2020.	21,6%; 87,5% máxima valoración		100% avaliado; 20% excelente, 30% notábel

## 1. DATOS

### Comparativa entre centros da UDC curso 2012/2013

Escola Técnica Superior de Arquitectura	0,174
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	0,064
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	0,191
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	0,173
Facultade de Ciencias	0,555
Facultade de Ciencias da Comunicación	0,409
Facultade de Ciencias da Educación	0,153
Facultade de Ciencias da Saúde	0,273
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	0,378
Facultade de Dereito	0,333
Facultade de Economía e Empresa	0,131
<b>Facultade de Filoxía</b>	<b>0,216</b>
Facultade de Fisioterapia	0,085
Facultade de Informática	0,414
Facultade de Socioloxía	0,100
Escola Politécnica Superior	0,235
Escola Universitaria de Deseño Industrial	0,571
Escola Universitaria Politécnica	0,356
Facultade de Ciencias do Traballo	0,385
Facultade de Enfermería e Podoloxía	0,148
Facultade de Humanidades e Documentación	0,152

## 2. REFLEXIÓN

Ata a III convocatoria do programa Docentia para a avaliación da docencia do profesorado contratado da UDC, o número de profesores avaliado foi de 16 sobre o total de docentes posibles, o que supón un 21,6% do profesorado da Facultade de Filoloxía. Esta porcentaxe inicial ten en conta unicamente as III convocatorias do programa, cuxos datos expomos a seguir:

I convocatoria: **6 solicitudes moi favorables** do Departamento de Filoloxía Inglesa

II convocatoria: **4 solicitudes moi favorables** do Departamento de Filoloxía Española e Latina; **1 solicitude favorable** do Departamento de Filoloxía Inglesa; **1 solicitude moi favorable** do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.

III convocatoria: **3 solicitudes de desempeño excelente e 1 de desempeño notable** do Departamento de Filoloxía Española e Latina.

Como se pode observar, dos 16 docentes que se someteron á avaliación, 14 deles obtiveron a máxima valoración posible (desempeño moi favorable ou excelente), de modo que nos situamos no 87,5%, o que supón unha magnífica valoración.

Pola súa parte, a IV convocatoria é a primeira en que non existían requisitos previos para os participantes, en tanto de seren membros de grupos departamentais de calidade ou de teren desfrutado de proxectos educativos subvencionados en convocatorias da universidade. É por iso que esta última convocatoria tivo unha porcentaxe de participación superior aos anos anteriores con 12 novos docentes avaliados.

Nas III e IV convocatorias foi variado o sistema de baremación, xa que anteriormente se reducía a desfavorable/favorable/moi favorable, mentres que actualmente a discriminación entre avaliados positivamente é maior. De aí que propoñamos unha taxa de valoración máxima inferior ao 85% actual, para situarnos en 2020 en torno ao 20% de avaliados como excelente e o 30%, como notábel.

## 3. METAS

Alcanzar en 2020 o 100% de profesorado avaliado polo procedemento de avaliación docente, o 20% de profesorado con máxima valoración e o 30% con valoración notábel.

## 4. PLANS DE MELLORA

Fomentar a participación do profesorado no programa Docentia:

- Mailing de publicidade desde o centro
- Cursos de Docentia impartidos polo CUFIE
- Proposición á vicerreitoría de Profesorado para que incentive Docentia

Reflexionar cos directores de departamento na COA sobre a transcendencia da participación na avaliación docente e que estes o fagan chegar ao profesorado.

### DA1.8 Actualización docente

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	DA1.8 Actualización docente	Participación do 40% anual do profesorado en programas de actualización e formación docente no ano 2020.	30%		40%

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	DA1.8 Actualización docente	Participación do 40% anual do profesorado en programas de actualización e formación docente no ano 2020.	22% (17 docentes)		40 %

#### 1. DATOS

Dezasete profesores da Facultade de Filoloxía participaron nos programas de actualización e formación docente no curso 2012/2013, o que representa o 22% do total.

Non hai datos de comparativa entre centros da UDC para o curso 2012/2013.

#### 2. REFLEXIÓN

No curso 2012/2013 a participación do profesorado conforma o 22% do PDI do noso centro, con 17 docentes que asistiron aos cursos organizados polo CUFIE.

A determinación do número exacto de docentes do centro resulta dificultosa porque muda anualmente dependendo da carga docente. Con todo, como a flutuación non supera o 5%.

A meta final de 2020 será aproximarse ao 40% que establece o PE da UDC, o que representa por volta de 30 profesores da Facultade de Filoloxía.

#### 3. METAS

Participación do 40% anual do profesorado en programas de actualización e formación docente no ano 2020.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Fomentar a participación do profesorado nos programas de formación do profesorado (PFI e PAE):

Mailing

Proposta de cursos ao CUFIE, atendendo ás necesidades do profesorado

Reflexionar cos directores de departamento na COA sobre a transcendencia da actualización docente e que o fagan chegar ao profesorado



## DOCENCIA E APRENDIZAXE

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<p><b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2</b></p> <p>Unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados</p>	<p><b>2.1</b> Impulsar e facilitar a realización de prácticas de calidade en empresas e institucións.</p> <p><b>2.2</b> Impulsar o desenvolvemento de competencias que melloren a empregabilidade dos estudantes.</p> <p><b>2.3</b> Fomentar o emprendemento dos estudantes</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Estudantes</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>CEC</p> <p>Coordinadores/as dos títulos</p> <p>Profesorado</p> <p>Coordinador/a de prácticas externas</p>

Ningún indicador deste obxectivo é obrigatorio no Plano Estratéxico.

Desde a Facultade de Filoloxía apostamos por non incluír o OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.

## DOCENCIA E APRENDIZAXE

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<p><b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3</b></p> <p>Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno</p>	<p><b>3.1</b> Avanzar no axuste das titulacións de grao e posgrao ás necesidades sociais do noso contorno e ás demandas dos estudantes.</p> <p><b>3.2</b> Definir políticas proactivas de captación de estudantes.</p> <p><b>3.3</b> Impulsar a formación ao longo de toda a vida e afondar na oferta de formación interdisciplinar.</p> <p><b>3.4</b> Mellorar a comunicación e a coordinación co ensino medio e o ensino superior non universitario.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Títulos</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>CEC</p> <p>COA</p> <p>Coordinadores/as dos títulos</p> <p>Profesorado</p>

### DA3.1 Preferencias estudiantado

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	DA3.1 Preferencias estudiantado	Alcanzar en 2015 o 70% de estudantes matriculados na súa opción preferida, e manter este nivel.	65,3%	70,0%	70,0%

  

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	DA3.1 Preferencias estudiantado	Manter ou superar ata 2020 o 80% de estudantes matriculados <b>en grao</b> na súa primeira opción solicitada.	87,5%		≥ 80%

#### 1. DATOS

O índice de preferencia do **85,7% de media** de estudantes matriculados na primeira opción solicitada nos graos (cfr. indicador DA3.1 desta Plan Estratéxico). Este dato foi proporcionado pola CIUG nos datos de acceso do estudiantado que fixo preinscripción e posterior posible matrícula no curso 2013/2014.

#### 2. REFLEXIÓN

Este indicador non é obrigatorio incluílo no noso Plan Estratéxico, mais consideramos que podería integrarse porque temos un dato moi positivo e porque o perfil dos nosos estudantes indica que, na maior parte dos casos, é unha titulación cursada por vocación.

#### 3. METAS

Manter ou superar ata 2020 o 80% de estudantes matriculados **en grao** na súa primeira opción solicitada.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Mellorar a promoción das titulacións da Facultade mediante a realización e difusión dun vídeo de presentación en que aparezan algúns dos egresados, que traballen en diferentes ámbitos profesionais.



### DA3.3 Novos ingresos (grao)

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	DA3.3 Novos ingresos (grao)	Manter o nivel de matrícula de novo ingreso nas titulacións de grao, con ningunha titulación por baixo de 50 e 45 estudantes de novo ingreso nos campus da Coruña e Ferrol, respectivamente.	3244	3244 (ningunha tit. por baixo de 50 (A Coruña) e 45 (Ferrol))	3244 (ningunha tit. por baixo de 50 (A Coruña) e 45 (Ferrol))

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	DA3.3 Novos ingresos (grao)	Manter o nivel de matrícula de novo ingreso nas titulacións de grao, cunha media de 100 estudantes de novo ingreso entre os tres graos que comparten os dous primeiros cursos en común.	115	≥ 110	≥ 110

## 1. DATOS

### Comparativa entre centros da UDC curso 2012/2013

	Matrícula total, graos e 1.º e 2.º ciclo			Novos ingresos (grao, I curso)	Novos ingresos (grao, I curso)	Novos ingresos (grao, I curso)
	2011-12	2012-13	2013-14	2011-12	2012-13	2013-14
Escola Técnica Superior de Arquitectura	1840	1803	1716	174	179	197
Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos	1334	1284	1200	196	100	113
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	547	543	549	74	81	114
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	1490	1261	1001	117	46	74
Facultade de Ciencias	739	730	701	159	141	157
Facultade de Ciencias da Comunicación	242	269	282	53	54	57
Facultade de Ciencias da Educación	1790	1883	1869	346	325	408
Facultade de Ciencias da Saúde	209	205	209	49	53	54
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	851	823	815	131	96	136
Facultade de Dereito	1645	1524	1370	188	178	198
Facultade de Economía e Empresa	2539	2430	2286	448	438	499
<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>404</b>	<b>402</b>	<b>429</b>	<b>121</b>	<b>101</b>	<b>122</b>

Facultade de Fisioterapia	286	269	259	57	52	59
Facultade de Informática	1596	1571	1553	201	230	256
Facultade de Socioloxía	278	273	300	83	79	98
Escola Politécnica Superior	704	750	698	139	125	125
Escola Universitaria de Deseño Industrial	393	356	332	64	61	72
Escola Universitaria Politécnica	893	989	811	42	37	122
Facultade de Ciencias do Traballo	178	183	193	37	32	54
Facultade de Enfermería e Podoloxía	374	418	414	102	79	117
Facultade de Humanidades e Documentación	121	106	96	28	23	25

## 2. REFLEXIÓN

A media de alumnado de novo ingreso nos graos da Facultade de Filoloxía nos tres últimos cursos académicos (desde o curso 2011/2012 ata o 2013/2014) sitúase en 115 estudantes, téndomos 412 alumnos matriculados de media nos catro cursos dos tres graos.

Cómpre indicar que no noso Plan Estratéxico non especificamos que cada grao teña un mínimo de 50 alumnos, tal e como se indica nas disposicións da Xunta de Galicia e no Plan Estratéxico da UDC, senón que adoptamos o número total dos tres graos como unha única variábel. Lémbrese a este respecto, o Plan de viabilidade presentado e aprobado na Xunta de Galicia, en que se propuñan tres titulacións de grao con primeiro e segundo cursos en común, de modo que consideramos o indicador de alumnado novo de ingreso como un todo para os tres graos.

## 3. METAS

Manter o nivel de matrícula de novo ingreso nas titulacións de grao, cunha media de 110 estudantes de novo ingreso entre os tres graos que comparten os dous primeiros cursos en común.

## 4. PLANS DE MELLORA

Execución anual do Plano de Mellora de promoción e captación das titulacións proposto nos informes de seguimento, coa finalidade de captar máis alumnado:

Publicidade nos centros de secundaria

Publicidade nas PAU realizadas no noso centro

Visitas aos centros de secundaria

Portas abertas na Facultade de Filoloxía (Visita o teu Campus da Coruña, SAPE)

Elaboración dun vídeo en que aparezan algúns dos nosos egresados, que traballen en diferentes ámbitos.

Intensificar os contactos coa University of South Wales para alcanzar unha dupla titulación internacional.

Elaboración dun Plano de viabilidade para o Grao en Español e para o Grao en Galego e Portugués.

#### DA3.4 Novo ingreso (mestrado)

UDC	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
	DA3.4 Novo ingreso (mestrado)	Incremento anual do número de estudantes de novo ingreso de máster, até superar os 1200 estudantes en 2020.	815		1200

FILO	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
	DA3.4 Novo ingreso (mestrado)	Incremento anual de estudantes de novo ingreso de mestrado, até chegar aos límites dos títulos.	24	30	40 / límite dos títulos

#### 1. DATOS

##### Comparativa entre centros da UDC curso 2012/2013

	Novos ingresos (mestrados)
	2013-14
Escola Técnica Superior de Arquitectura	32
Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos	54
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	19
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	41
Facultade de Ciencias	60
Facultade de Ciencias da Comunicación	-
Facultade de Ciencias da Educación	217
Facultade de Ciencias da Saúde	63
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	-
Facultade de Dereito	120
Facultade de Economía e Empresa	81
<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>24</b>
Facultade de Fisioterapia	26
Facultade de Informática	56
Facultade de Socioloxía	42
Escola Politécnica Superior	15
Escola Universitaria de Deseño Industrial	-
Escola Universitaria Politécnica	-
Facultade de Ciencias do Traballo	67
Facultade de Enfermería e Podoloxía	11
Facultade de Humanidades e Documentación	23

## 2. REFLEXIÓN

Nos tres títulos de mestrado actuais temos unha matrícula de 24 estudantes de novo ingreso, a pesar de que dispomos de 40 prazas (10 para o Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións; 10 para o Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada; e 20 para o Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade).

Por este motivo, cremos que debemos apostar por chegarmos á ocupación do número límite de prazas para, así mesmo, asegurarmos a pervivencia dos mestrados que oferta a Facultade de Filoloxía.

## 3. METAS

Incremento anual de estudantes de novo ingreso de máster, até chegar aos límites dos tres títulos actuais (10 alumnos nos dous interuniversitarios, 20 no de Literatura).

## 4. PLANS DE MELLORA

Execución anual do Plano de Mellora de promoción e captación das titulacións proposto nos informes de seguimento, coa finalidade de captar máis alumnado, nomeadamente no Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade.

Plan de Mellora de internacionalización do MLCD, con convenios de dupla titulación (Universidade do Minho). Ver informes de seguimento.

Elaboración dun vídeo en que aparezan algúns dos nosos egresados, que traballen en diferentes ámbitos.

Traballar na mellora das páxinas web para darlles unha maior visibilidade e facer máis atractivos os mestrados.

Contemplar a posibilidade de faceren prácticas extracurriculares no Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade.

Conseguir unha dobre titulación internacional para o MLCD que propicie o aumento de demanda de novo ingreso até alcanzar os 20 estudantes. O decanato avanzará, neste sentido, os contactos existentes coa Universidade de Jagiellonian (Cracovia).



## 2.2. Área 2 INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

### INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<p><b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1</b></p> <p><b>Unha produción científica de calidade</b></p>	<p>1.1 Garantir a calidade dos estudos de doutoramento.</p> <p>1.2 Mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais.</p> <p>1.3 Incidir na cualificación do persoal, en particular a capacidade investigadora, como criterio de selección, valoración e promoción do PDI.</p> <p>1.4 Acentuar o recoñecemento da actividade investigadora dentro do conxunto de tarefas desenvolvidas polo PDI.</p> <p>1.5 Fomentar a cooperación interdisciplinar entre grupos.</p> <p>1.6 Mellorar a coordinación e a axilidade da xestión da investigación, en particular o apoio á xestión de proxectos europeos.</p> <p>1.7 Aumentar a visibilidade e mellorar os indicadores da actividade real de investigación e transferencia</p> <p>1.8 Mellorar a infraestrutura científica.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Investigación e de Profesorado</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>COA</p> <p>CEC</p> <p>Grupos de investigación</p> <p>Coordinadores de doutoramento</p> <p>Comisión de programas de doutoramento</p> <p>UADI</p>



### INV1.1 Produtividade científica

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INV1.1 Produtividade científica	Aumentar de forma progresiva ata 2020 a produción científica, para superar o valor de 1,3 artigos (ponderados cada un polo índice de impacto da publicación) por PDI doutor, publicados en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR.	1,03		1,3

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INV1.1 Produtividade científica	Aumentar de forma progresiva ata 2020 a produción científica, para superar o valor de 0,5 artigos (ponderados cada un polo índice de impacto da publicación) por PDI doutor, publicados en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR.	0,023		> 0,5

## 1. DATOS

### Comparativa entre centros da UDC curso 2012/2013

	Artigos en JCR ponderados por índice de impacto			Produtividade científica
	2010	2011	2012	2012
Escola Técnica Superior de Arquitectura	4,44	0,73	2,07	0,036
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	57,41	54,73	53,29	0,935
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	30,21	32,26	22,95	1,148
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	11,5	7,3	38,02	2,716
Facultade de Ciencias	463,56	437,01	514,41	4,512
Facultade de Ciencias da Comunicación	0,39	0	2,27	0,162
Facultade de Ciencias da Educación	30,67	72,85	64,02	0,688
Facultade de Ciencias da Saúde	89,33	100,69	61,43	4,726
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	9	29,23	14,87	0,413
Facultade de Dereito	0,63	0	0	0
Facultade de Economía e Empresa	12,04	18,26	22,87	0,229
<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>0</b>	<b>0,06</b>	<b>1,4</b>	<b>0,023</b>
Facultade de Fisioterapia	40,77	85,27	118,12	7,382
Facultade de Informática	127,56	119,13	116,61	0,964
Facultade de Socioloxía	0	0,13	0,98	0,036
Escola Politécnica Superior	55,91	33,63	55,6	0,842
Escola Universitaria de Deseño Industrial	4,61	0	5,96	1,191
Escola Universitaria Politécnica	33,34	29,86	57,67	2,06
Facultade de Ciencias do Traballo	0	0	0	0
Facultade de Enfermería e Podoloxía	50,85	29,43	39	2,294
Facultade de Humanidades e Documentación	9,45	12,59	7,04	0,252

## 2. REFLEXIÓN

No Plan Estratéxico da UDC establécese o incremento progresivo da publicación de artigos en revistas científicas indexadas nas bases de datos de ISI/JCR, ata superar 1,3 artigos (ponderados cada un polo índice de impacto da publicación) por DPI doutor.

Como se pode observar á vista dos datos, na nosa Facultade este indicador sitúase no 0,023 artigos por PDI doutor, xa que as revistas científicas en que publica a nosa área de Humanidades (campo 11) non están indizadas nas bases de datos anteriormente citadas. Porén, como o Plan de Financiamento da UDC require que nos adaptemos a estas bases de datos, propomos unicamente tentar aproximarnos a conseguir unha media de 0,5 artigos por PDI doutor.

Con todo, propomos que na nosa área se teñan en conta, para futuras negociacións da UDC coa Xunta, outras bases de datos que inclúen revistas de calidade excelente en que publican os investigadores da Facultade de Filoloxía (DICE, Carhus, Dialnet, Latindex, RESH, CIRC, EIRH...) e outros prazos (nunca inferiores a 2 anos).

Alén disto, cómpre ter en conta que os investigadores da Facultade de Filoloxía publican de modo moi produtivo libros e capítulos de libro, polo que cabería incluír estas referencias no indicador.

## 3. METAS

Aumentar de forma progresiva ata 2020 a produción científica, para superar o valor de 0,5 artigos (ponderados cada un polo índice de impacto da publicación) por PDI doutor, publicados en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR.

## 4. PLANS DE MELLORA

Informar na COA e na CEC da necesidade de o PDI doutor publicar en revistas científicas indexadas nas bases de datos de ISI/JCR para alcanzar o valor de 0,5 artigos.

Informar a todo o PDI, especialmente aos coordinadores de grupos de investigación, sobre estratexias de xestión curricular:

- Revistas mellor valoradas nos campos da Filoloxía, Lingüística e Estudos Literarios (pódense preparar listaxes para as diferentes áreas)
- Organismos editoriais máis valorados nos campos da Filoloxía, Lingüística e Estudos Literarios (pódense preparar tamén listaxes para as diferentes áreas)
- Recursos para a difusión da investigación publicada (repositorios en acceso aberto, redes sociais académicas, webs propias...)
- Recursos para a produción de estudos en revistas internacionais (tradutores)

Informar a todo o PDI e, na medida do posíbel, establecer sistemas de supervisión das seguintes cuestións:

- Actualización permanente do catálogo de investigación
- Aplicación sistemática das normas de citación e de identificación de autoría, grupo/proxecto de investigación, organismo editorial, institución, segundo a normativa da UDC

Procurar unha flexibilización dos criterios e parámetros utilizados no catálogo de investigación nos seguintes aspectos:

- Para medir o índice de impacto dunha publicación no campo das Humanidades deberíanse establecer prazos máis amplos (nunca inferiores a 2 anos; preferiblemente 3 anos)
- Tomar en consideración outros índices, ademais de ISI/JCR, por exemplo, Scopus, ISOC, índices de calidade das editoriais etc.

Solicitar ao CUFIE a celebración de cursos dirixidos ao PDI en que se traten os procesos para publicar nas revistas indexadas en ISI/JCR.

### INV1.2 Producción científica

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INV1.2 Producción científica	Incrementar un 20% o número de documentos anualmente recollidos en Scopus.	735		882

  

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INV1.2 Producción científica	Incrementar un 20% o número de documentos anualmente recollidos en Scopus.	(Pendente resultados SUXI-XC)		+ 20%

#### 1. DATOS

No momento da realización deste PE non se dispón do valor deste indicador correspondente ao ano 2013. Porén, a inmediata incorporación por parte do profesorado dos seus datos curriculares no Sistema de Xestión Curricular do Persoal Investigador (SUXI-XC) permitirá dispor do valor inicial sobre o que calculamos o incremento do 20% definido como meta.

#### 2. REFLEXIÓN

A diferenza do que acontece con ISI/JCR, a base de datos Scopus recolle revistas de calidade excelente en que si publican os investigadores da área de Humanidades. Por iso, consideramos pertinente a inclusión no Plan Estratéxico deste índice de produción científica.

Con todo, consideramos necesario ponderar este indicador co de publicacións de capítulos de libros, que non recolle esta base.

#### 3. METAS

De acordo co obxectivo definido polo PE da UDC, marcámonos como meta incrementarmos nun 20% o número de documentos anualmente recollidos en Scopus.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Lembrar a todo o profesorado as recomendacións de filiación institucional para as publicacións de investigadores da Universidade da Coruña aprobadas en Consello de Goberno de 27 de febreiro de 2014.

### INV1.5 Sexenios

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INV1.5 Sexenios	Aumentar a proporción entre o número de sexenios de investigación obtidos polo PDI en condicións de solicitar sexenio e o número máximo de sexenios posibles, para alcanzar o 45% en 2015 e o 50% en 2020.	41,9%	45,0%	50,0%

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INV1.5 Sexenios	Aumentar a proporción entre o número de sexenios de investigación obtidos polo PDI en condicións de solicitar sexenio e o número máximo de sexenios posibles, para alcanzar o 45% en 2015 e o 50% en 2020.	40% (2012) 42% (2013)	45%	50%

#### 1. DATOS

Ano 2012: 88 sexenios obtidos / 213 posibles (funcionariado) + 5 sexenios obtidos / 19 posibles (laboral) = 40%.

Ano 2013: 95 sexenios obtidos / 218 posibles (funcionariado) + 5 sexenios obtidos / 20 posibles (laboral) = 42%.

Media da UDC, segundo a UTC:

2012: 26,4%

2013: 29,5%

#### Comparativa entre centros da UDC curso 2012/2013

	2012			2013		
	Sexenios (obtidos / posibles)	Funcionario	Laboral	Sexenios (obtidos / posibles)	Funcionario	Laboral
Escola Técnica Superior de Arquitectura	0,169	0,202	0,083	0,167	0,204	0,071
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	0,342	0,436	0,146	0,399	0,481	0,231
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	0,209	0,220	0,125	0,266	0,286	0,125
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	0,189	0,300	0,059	0,211	0,286	0,118
Facultade de Ciencias	0,700	0,760	0,382	0,761	0,817	0,474
Facultade de Ciencias da Comunicación	0,000	0,000	0,000	0,000	0,000	0,000

Facultade de Ciencias da Educación	0,276	0,332	0,087	0,292	0,356	0,101
Facultade de Ciencias da Saúde	0,278	0,409	0,071	0,222	0,360	0,364
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	0,049	0,050	0,000	0,078	0,080	0,000
Facultade de Dereito	0,577	0,656	0,188	0,630	0,673	0,318
Facultade de Economía e Empresa	0,158	0,174	0,085	0,180	0,192	0,127
<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>0,401</b>	<b>0,413</b>	<b>0,263</b>	<b>0,420</b>	<b>0,436</b>	<b>0,250</b>
Facultade de Fisioterapia	0,269	0,280	0,000	0,320	0,348	0,000
Facultade de Informática	0,613	0,629	0,543	0,624	0,646	0,537
Facultade de Socioloxía	0,311	0,337	0,091	0,327	0,341	0,231
Escola Politécnica Superior	0,32275132	0,355	0,262	0,381	0,418	0,313
Escola Universitaria de Deseño Industrial	0	0,000	0,000	0,182	0,250	0,000
Escola Universitaria Politécnica	0,27659574	0,273	0,294	0,319	0,329	0,286
Facultade de Ciencias do Traballo	0	0,000	0,000	0,000	0,000	0,000
Facultade de Enfermería e Podoloxía	0,12903226	0,276	0,000	0,155	0,300	0,000
Facultade de Humanidades e Documentación	0,26363636	0,300	0,100	0,271	0,318	0,091

## 2. REFLEXIÓN

A Facultade de Filoloxía sitúase nun 40% de sexenios obtidos fronte aos posibles, constituíndo unha das facultades que máis sexenios obtivo.

A media da UDC, segundo o Plan Estratéxico da UDC, é de 41,3%. Porén, a media que nos ofrece a Unidade Técnica de Calidade cifrase no 26% en 2012 e no 29,5% en 2013 de media entre os centros da UDC (que alcanza o 39% cando é ponderada por número de profesores).

O bo dato neste indicador contrasta cos malos resultados no indicador INV1.1., sinal de que hai un problema de fondo nos criterios de avaliación da produción científica na área de Humanidades. Neste sentido, cómpre apuntarmos que a CNEAI opera con criterios máis flexibles que os da propia UDC.

## 3. METAS

Aumentar a proporción entre o número de sexenios de investigación obtidos polo PDI en condicións de solicitar sexenio e o número máximo de sexenios posibles, para alcanzar o 45% en 2015 e o 50% en 2020.

## 4. PLANS DE MELLORA

Reflexionar cos directores de departamento e cos coordinadores dos grupos de investigación sobre a importancia de o PDI alcanzar as condicións para obter o recoñecemento dos sexenios, coa intención de que o fagan chegar ao profesorado.

### INV1.6 Doutoramento

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INV1.6 Doutoramento	Incrementar a porcentaxe de programas de doutoramento con mención de calidade / selo de excelencia, ata alcanzar un mínimo do 35% no ano 2020.	28,9%		>35%

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INV1.6 Doutoramento	Incrementar a porcentaxe de programas de doutoramento con mención de calidade / selo de excelencia, ata alcanzar o 50% en 2020.	0%		> 50%

#### 1. DATOS

A UDC só ten 9 programas de doutoramento con mención de calidade / selo de excelencia na actualidade, o que supón o 28,9% do conxunto da UDC.

A Facultade de Filoloxía ten 3 programas de doutoramento:

Programa oficial de doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura.

Programa oficial de doutoramento en Estudos Lingüísticos.

Programa oficial de doutoramento en Estudos Literarios.

Aínda que non teñen en vigor esta mención (por non teren saído aínda as convocatorias), estes programas de doutoramento proceden doutros xa extintos que ben tiñan mencións de calidade, ben obtiveran o informe favorábel da ANECA para a mención á excelencia.

#### HISTÓRICO DOS PROGRAMAS DE DOCTORADO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA CON MENCIÓN DE CALIDADE OU MENCIÓN CARA Á EXCELENCIA

RD 185/1985 (suficiencia investigadora)

RD 778/1998 (DEA)

3C00011V01 A Linguaxe Natural e a Linguaxe Artística na súa Modalidade Literaria e Audiovisual (mención de calidade, BOE 12/11/2008)

3C00012V01 Novas aproximacións aos Estudos Ingleses

3C00047V01 Estudos lingüístico-literarios do galego e do portugués

3C00060V01 Lingua e Sociedade da Información: A Lingüística e as súas Aplicacións (mención de calidade, BOE 12/11/2008)

3C00066V01 Lingüística Galega (mención de calidade, BOE 12/11/2008)

3C00067V01 Literatura e Construción da Identidade na Galiza

Novas aproximacións aos estudos ingleses e irlandeses (mención de calidade, BOE 12/11/2008)

RD 1393/2007

521V01 Programa Oficial de Doutoramento en Lingua, Texto e Expresión Artística

523V01 Novas aproximacións aos Estudos Anglo-Norteamericanos e Irlandeses



520V01 Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Lingüísticos e Literarios do Galego e do Portugués (informe favorábel da ANECA, mais non a mención de excelencia, BOE 20/10011)

522V01 Programa Oficial de Doutoramento en Lingüística e as súas Aplicacións (informe favorábel da ANECA, mais non a mención de excelencia, BOE 20/10011)

RD 99/2011

5018V01 Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura

5019V01 Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Lingüísticos

5020V01 Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Literarios

## 2. REFLEXIÓN

Como a Facultade renovou recentemente os programas de doutoramento para os facer interuniversitarios con novas memorias de verificación e aínda non saíron as convocatorias de mención de calidade / selo de excelencia, actualmente non hai ningún programa de doutoramento con esta mención, aínda que todos eles derivan doutro programa que si o tiña, como se pode ver no histórico. Propomos como obxectivo conseguir que a metade dos programas de doutoramento existentes teñan esta mención ou selo, o que supón, no marco actual, que o logren dous doutoramentos (66%).

Cremos que é posible conseguilo porque moitos dos programas extintos dos que proceden os actuais xa conseguiran esta mención.

## 3. METAS

Incrementar a porcentaxe de programas de doutoramento con mención de calidade / selo de excelencia, ata alcanzar o 50% en 2020.

## 4. PLANS DE MELLORA

Concorrer ás convocatorias para a mención de calidade / selo de excelencia cando estas foren publicadas.

### INV1.7 Calidade das teses de doutoramento

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INV1.7 Calidade das teses de doutoramento	Aumentar anualmente a porcentaxe de teses de doutoramento que dan lugar a algunha publicación en ISI WoK, entendidas estas como aquelas teses para as que o seu autor publicou algún artigo nalgunha revista incluída en ISI WoK non máis tarde do ano seguinte ao da defensa da tese.	0,375	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INV1.7 Calidade das teses de doutoramento	Aumentar anualmente a porcentaxe de teses de doutoramento que dan lugar a algunha publicación non máis tarde do ano seguinte ao da defensa da tese.	0,167	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores

### 1. DATOS

	Teses 2012 con publicacións 2010-2013	INV1.7 Calidade das teses de doutoramento
Escola Técnica Superior de Arquitectura	1	0,111
Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos	0	0,000
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	2	0,667
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	0	-
Facultade de Ciencias	15	0,882
Facultade de Ciencias da Comunicación	0	-
Facultade de Ciencias da Educación	2	0,182
Facultade de Ciencias da Saúde	4	0,667
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	1	0,333
Facultade de Dereito	2	0,333
Facultade de Economía e Empresa	0	0,000
<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>1</b>	<b>0,167</b>
Facultade de Fisioterapia	0	-
Facultade de Informática	8	0,667
Facultade de Socioloxía	0	0,000



Escola Politécnica Superior	8	0,615
Escola Universitaria de Deseño Industrial	0	-
Escola Universitaria Politécnica	1	1,000
Facultade de Ciencias do Traballo	0	-
Facultade de Enfermería e Podoloxía	0	-
Facultade de Humanidades e Documentación	0	0,000

## 2. REFLEXIÓN

Durante o ano 2012, só houbo na Facultade de Filoloxía 1 tese de doutoramento que dese lugar a algunha publicación en ISI, entendidas estas como aquelas teses cuxo autor publicou algún artigo nalgunha revista incluída en ISI WoK non máis tarde do ano seguinte ao da defensa da tese.

Neste sentido, adaptamos o criterio de que a publicación non estea condicionada ás revistas indexadas en bases de datos ISI WoK, abríndoo a algunha publicación en revistas indexadas noutras bases de datos (DICE, Carhus, Dialnet, Latindex...) ou nun libro, no ano seguinte ao da realización da tese.

## 3. METAS

Aumentar anualmente a porcentaxe de teses de doutoramento que dan lugar a algunha publicación non máis tarde do ano seguinte ao da defensa da tese.

## 4. PLANS DE MELLORA

Informar a todo o profesorado participante nos programas de doutoramento da necesidade de incentivar as publicacións ISI Wok derivadas das teses dentro do primeiro ano seguinte ao da súa defensa.

## INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<p><b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2</b></p> <p><b>Incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento</b></p>	<p>2.1 Implantar mecanismos estables de recepción e difusión das necesidades das empresas.</p> <p>2.2 Formar e informar a comunidade universitaria para mellorar a capacidade de transferir resultados de investigación.</p> <p>2.3 Reforzar e coordinar os servizos de xestión da transferencia.</p> <p>2.4 Definir axeitadamente e pór en marcha as estruturas xurídicas dos centros do parque tecnolóxico.</p> <p>2.5 Potenciar a acreditación de ensaios realizados polos Servizos de Apoio á Investigación e incrementar a súa colaboración co tecido produtivo.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Transferencia</p> <p>Equipa Decana</p> <p>COA</p> <p>CEC</p>

O OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2 non está dentro das prioridades do centro, de maneira que non se inclúen os seus indicadores no PE da Facultade de Filoloxía.

## INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<p><b>OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3</b></p> <p>Internacionalizar a investigación e a transferencia</p>	<p><b>3.1</b> Fomentar e apoiar o acceso ao financiamento internacional para investigación</p> <p><b>3.2</b> Aumentar a concorrencia dos grupos da UDC nas convocatorias competitivas internacionais en consorcios público-privados</p> <p><b>3.3</b> Impulsar a internacionalización a través da formación de novos investigadores.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Investigación e Transferencia</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>COA</p> <p>CEC</p> <p>Grupos de investigación</p> <p>Coordinadoras/es de programas de doutoramento</p> <p>Directoras/es de departamento</p>

### INV3.1 Proxectos competitivos

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INV3.1 Proxectos competitivos	Manter o nivel medio de ingresos por proxectos competitivos por PDI doutor ata 2015, e aumentar posteriormente para acadar un incremento mínimo do 10% no período 2013-2020.	10824 euros	10825 euros	>11906 euros
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INV3.1 Proxectos competitivos	Manter o nivel medio de ingresos por proxectos competitivos por PDI doutor ata 2020	(Pendente resultados SUXI-XC)		Manter valores

#### 1. DATOS

No momento da realización deste PE non se dispón do valor deste indicador correspondente ao ano 2013. Porén, a inmediata incorporación dos datos dos grupos de investigadores no Sistema de Xestión Curricular do Persoal Investigador (SUXI-XC), incluídos os ingresos por proxectos competitivos, permitirá dispor do valor inicial.

#### 2. REFLEXIÓN

A situación económica xeral repercute directamente sobre as cantidades globais destinadas aos proxectos competitivos, de maneira que cada vez será máis difícil a obtención de proxectos e o financiamento asociado a eles. Con todo, asumimos o reto de mantermos os valores que forneza nos próximos meses o SUXI-XC.

#### 3. METAS

Manter no 2020 o nivel medio de ingresos por proxectos competitivos por PDI doutor.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Difundir a información procedente da Vicerreitoría de Investigación a todos os envolvidos no proceso.

### INV3.3 Doutoramento internacional

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INV3.3 Doutoramento internacional	Incremento do 40% do número anual de teses defendidas na UDC con mención internacional, desde os cursos 2012-2013 até o curso 2019-2020.			+40%

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INV3.3 Doutoramento internacional	Incremento do 40% do número anual de teses defendidas na UDC con mención internacional, desde os cursos 2013-2014 ata o curso 2019-2020.	14,3 %		+40% (até chegar ao 20,1%)

## 1. DATOS

### Teses lidas no curso 2012/2013:

2012/2013 Data lectura	Cualificación	Mención internacional	Departamento
12/12/2013	Sobresaliente cum laude		Filoloxía Española e Latina
29/11/2013	Sobresaliente cum laude	SI	Filoloxía Inglesa
11/07/2013	Apto cum laude		Filoloxía Inglesa
21/06/2013	Apto cum laude	SI	Filoloxía Española e Latina
03/05/2013	Apto cum laude		Filoloxía Española e Latina
02/05/2013	Apto cum laude		Filoloxía Española e Latina
26/04/2013	Apto		Filoloxía Española e Latina
05/03/2013	Apto cum laude		Filoloxía Inglesa
22/02/2013	Apto cum laude		Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa
19/09/2012	Apto cum laude		Galego-Portugués, Francés e Lingüística
17/09/2012	Apto cum laude		Galego-Portugués, Francés e Lingüística
10/07/2012	Sobresaliente cum laude		Filoloxía Española e Latina
18/05/2012	Sobresaliente cum laude		Filoloxía Española e Latina
16/02/2012	Sobresaliente cum laude		Filoloxía Española e Latina



## **2. REFLEXIÓN**

Temos 14 teses lidas, dúas delas con mención internacional. Isto supón o 14,3%.

Cómpre aumentar o número de teses con mención internacional até alcanzar un incremento do 40% sobre o valor inicial.

## **3. METAS**

Incremento do 40% sobre o valor inicial da porcentaxe de teses defendidas defendidas anualmente na Facultade de Filoloxía con mención internacional, desde os cursos 2013-2014 ata o curso 2019-2020.

## **4. PLANS DE MELLORA**

En sintonía coa Escola Internacional de Doutoramento, o equipo decanal reflexionará cos coordinadores dos programas de doutoramento da Facultade de Filoloxía sobre a necesidade de informar a todos os doutores implicados nos mesmos das posibilidades de realizar unha tese con mención internacional, así como dos procesos para a súa solicitude e defensa.

### INV3.4 Estadías

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INV3.4 Estadías	Alcanzar en 2015 unha media de 0,1 meses de estadía (superiores a 15 días por estadía) acreditados polo PDI da universidade, en universidades e centros de investigación estranxeiros, por PDI doutor. Aumentar posteriormente até 0,2 en 2020.	0,08	0,1	0,2
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INV3.4 Estadías	Manter en 2020 os valores medios de meses de estadía acreditados por PDI doutor.	(Pendente resultados SUXI-XC)		Manter valores

#### 1. DATOS

No momento da realización deste PE non se dispón do valor deste indicador correspondente ao ano 2013. Porén, a inmediata incorporación por parte do profesorado dos seus datos curriculares no Sistema de Xestión Curricular do Persoal Investigador (SUXI-XC) permitirá dispor do valor.

#### 2. REFLEXIÓN

As limitacións no financiamento público fan difícil a realización de estadías en universidades e centros de investigación estranxeiros por parte do PDI doutor.

A pesar deste contexto adverso, propómonos manter en 2020 os valores iniciais deste indicador.

A situación económica xeral repercute directamente sobre as cantidades globais destinadas aos proxectos competitivos, de maneira que cada vez será máis difícil a obtención de proxectos e o financiamento asociado a eles. Con todo, asumimos o reto de mantermos os valores que forneza nos próximos meses o SUXI-XC.

#### 3. METAS

Manter no 2020 os valores medios iniciais de meses de estadía acreditados por PDI doutor.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Informar da necesidade de establecer redes internacionais de actualización de técnicas investigadores e de reactivación das carreiras investigadoras individuais.



## 2.3. Área 3 RESPONSABILIDADE SOCIAL

### RESPONSABILIDADE SOCIAL OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1</b>  Unha universidade que impulsa a mudanza social	<p>1.1 Fortalecer a participación da comunidade universitaria na sociedade.</p> <p>1.2 Fomentar a participación de cidadáns e institucións na comunidade universitaria.</p> <p>1.3 Fomentar os hábitos para unha universidade saudable.</p> <p>1.4 Contribuír á normalización da lingua galega</p> <p>1.5 Promover o desenvolvemento de competencias transversais en todas as titulacións.</p> <p>1.6 Fomentar as políticas de compra socialmente responsable</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Responsabilidade Social</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>CEC</p> <p>Comisión de Cultura</p>



### RS1.3. Deportes

UDC	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
	<b>RS1.3 Deportes</b>	Aumentar anualmente o número de usuarios dos programas de exercicio e saúde.	295	> valor anos anteriores	> valor nos anteriores

FILO	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
	<b>RS1.3 Deportes</b>	Potenciar o número dos usuarios nos programas de exercicio e saúde.	(Pendente de comunicación por parte do Servizo de Extensión Universitaria)	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores

#### 1. DATOS

Na marxe temporal para a publicación deste PE non foi posible ter acceso ao valor inicial deste indicador, que fica pendente da súa comunicación por parte do Servizo de Extensión Universitaria.

#### 2. REFLEXIÓN

Cremos que debe potenciarse que todo o persoal da Facultade de Filoloxía participe nos programa de exercicio e saúde que oferta a UDC.

#### 3. METAS

Potenciar o número dos usuarios nos programas de exercicio e saúde.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Difundir os programas de exercicio e saúde entre o alumnado e o profesorado usuarios habituais de equipamentos informáticos de cuxo uso continuado poden derivar problemas de saúde (visuais, posturais, óseo-esqueléticos...)



## RESPONSABILIDADE SOCIAL

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<p><b>OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2</b></p> <p>Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación</p>	<p>2.1 Progresar cara á accesibilidade universal.</p> <p>2.2 Impulsar a igualdade entre homes e mulleres.</p> <p>2.3 Establecer políticas de apoio aos estudantes en situación de dificultades económicas.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Responsabilidade Social</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>CEC</p> <p>COA</p>

### RS2.1 Accesibilidade

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	RS2.1 Accesibilidade	Atender cada ano o 100% das necesidades de accesibilidade da comunidade universitaria que se dirixen á oficina ou servizo competente.	100%	100%	100%
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	RS2.1 Accesibilidade	Continuar a atender cada ano o 100% das necesidades de accesibilidade da Facultade de Filoloxía.	100%	100%	100%

#### 1. DATOS

O centro conta con sinais de estacionamento para persoas con minusvalía.

A Facultade de Filoloxía conta, igualmente, con adaptación de baños para persoas con minusvalía.

#### 2. REFLEXIÓN

Desde a Facultade de Filoloxía propómonos continuarmos a atender cada ano o 100% das necesidades de accesibilidade, para o cal xa se teñen levado a cabo varias accións de eliminación das barreiras arquitectónicas, instalacións de elevadores e adaptación de baños para persoas con minusvalía, entre outras.

O centro nomeou unha persoa responsable da atención á diversidade.

#### 3. METAS

Continuar a atender cada ano o 100% das necesidades de accesibilidade da Facultade de Filoloxía.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Estarmos atentos ás necesidades que foren xurdindo, nomeadamente a comezos do curso.

Dar conta ao alumnado e ao profesorado da existencia e funcións da persoa responsable da atención á diversidade.

## RS2.2 Igualdade de homes e mulleres

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	RS2.2 Igualdade de homes e mulleres	Incrementar o número de IP mulleres ata un 25% no ano 2015 e cara ao obxectivo do 30% no ano 2020.	21,6%	25,0%	30,0%
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	RS2.2 Igualdade de homes e mulleres	Manter o número de IP mulleres nun 50% ou superior no ano 2020.	67%		≥ 50%

### 1. DATOS

Na centro hai 9 proxectos de investigación activos.

Hai 3 proxectos dirixidos por homes (33%) e 6 proxectos dirixidos por mulleres (67%).

### 2. REFLEXIÓN

Na actualidade temos unha porcentaxe do 67% de IP mulleres en proxectos competitivos activos.

Propomos chegar a 2020, como mínimo, á cota proposta como meta pola UDC e, se for posible, manter os valores actuais.

### 3. METAS

Chegar a 2020, como mínimo, á cota proposta como meta pola UDC e, se for posible, manter os valores actuais.

### 4. PLANS DE MELLORA

Lembrar ao PDI investigador a súa responsabilidade no mantemento das cotas existentes para axudar na igualdade das mulleres na investigación global da UDC.

### RS2.3 Apoio a estudantes

UDC	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
	RS2.3 Apoio a estudantes	Manter a porcentaxe de fondos de axudas destinados a estudantes fronte ao orzamento global liquidado.	1,95%	1,95%	1,95%

  

FILO	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
	RS2.3 Apoio a estudantes	Manter a porcentaxe de fondos de axudas destinados a estudantes fronte ao orzamento global liquidado.	10,63%		≥ 5%

#### 1. DATOS

Orzamento da Facultade de Filoloxía 2013/2014: 76369,24 €.

Partida "22901 Gastos de funcionamento de actividades": 8120€ = 10,63% .

#### 2. REFLEXIÓN

A suma total do crédito inicial da Facultade de Filoloxía no curso 2013/2014 é de 76.369,24 €. Se temos en conta que a partida orzamentaria "22901 Gastos de funcionamento de actividades" é a partida destinada ao alumnado e que está dotada con 8120 €, obtemos unha porcentaxe do 10,63% de fondos de axudas destinados a estudantes. Cómpre ter en conta que nesta partida contéplanse os cursos organizados polo profesorado, que indirectamente son fondos destinados aos estudantes.

As dificultades económicas que afectan á universidade pública repercuten directamente sobre a porcentaxe que pode ser destinada ao mantemento destas axudas, polo que o noso obxectivo ten que situarse no 5% do orzamento global líquido, moi superior, com todo, ao definido polo PE da UDC.

#### 3. METAS

Manter nunha porcentaxe igual ou superior ao 5% a relación entre o orzamento total do centro e a partida destinada a gastos de funcionamento de actividades.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Continuar a destinar unha porcentaxe igual ou superior ao 5% do orzamento da Facultade de Filoloxía aos gastos de funcionamento de actividades.



## RESPONSABILIDADE SOCIAL

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3</b>  Unha universidade responsable do seu impacto ambiental	<b>3.1</b> Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de ambientalización e sustentabilidade. <b>3.2</b> Implantar procesos de xestión sostible dos residuos <b>3.3</b> Impulsar a mobilidade sostible. <b>3.4</b> Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de auga.	Director/a da Oficina de Medio Ambiente  Equipa Decanal  CEC  COA  Comisión de Infraestruturas



### RS3.1 Plano ambiental

UDC	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
	RS3.1 Plano ambiental	Dotar a todos os centros dun plano ambiental específico antes de 2020 (mínimo 6 centros antes de 2015).	0	> 6	100%

  

FILO	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
	RS3.1 Plano ambiental	Elaboración dun plano ambiental.	0		1

#### 1. DATOS

Non existe ningún Plan ambiental.

#### 2. REFLEXIÓN

Estamos á espera de se a Facultade de Filoloxía é un dos 6 centros que baralla a UDC para que teñan un plano ambiental en 2015. Se non, trataríase de implementar igualmente antes do 2020.

Falta por saber a estrutura deste plano.

#### 3. METAS

Elaboración dun plano ambiental antes do 2020.

#### 4. PLANS DE MELLORA

A realización do plano ambiental, posto que na actualidade non existe.



### RS3.4 Enerxía

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UD C	RS3.4 Enerxía	Reducir do 5% en 2015 e 10% en 2020 o consumo enerxético específico anual, expresado en kWh/empregado e en kWh/m <sup>2</sup> edificado, con respecto a 2011.	10713 kWh/empregado - 82,7 kWh/m <sup>2</sup> edificado	10177 kWh/empregado - 78,5 kWh/m <sup>2</sup> edificado	9642 kWh/empregado o - 74,4 kWh/m <sup>2</sup> edificado
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	RS3.4 Enerxía	Reducir o 5% en 2015 e o 10% en 2020 no consumo enerxético específico anual, expresado en kWh/empregado e en kWh/m <sup>2</sup> edificado, con respecto a 2011.	(Pendente de comunicación polo Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos)	reducir o 5%	reducir o 10%

#### 1. DATOS

Na marxe temporal para a publicación deste PE non foi posible ter acceso ao valor inicial deste indicador, que fica pendente da súa comunicación por parte do Servizo Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos.

#### 2. REFLEXIÓN

A Facultade de Filoloxía pretende contribuír na redución do 5% en 2015 e do 10% en 2020 do consumo enerxético anual. Neste sentido, xa foron instaladas no centro varias células de detección de movemento nos baños e no andar principal.

#### 3. METAS

Reducir do 5% en 2015 e 10% en 2020 o consumo enerxético específico anual, expresado en kWh/empregado e en kWh/m<sup>2</sup> edificado, con respecto a 2011.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Tomaranse as accións de aforro pertinentes, como instalación de máis células de detección de movemento para máis zonas de iluminación.



### RS3.5 Auga

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	RS3.5 Auga	Reducir do 5% en 2015 e 10% en 2020 o consumo de auga específico anual, expresado en m <sup>3</sup> /usuario, con respecto a 2011.	3,03 m <sup>3</sup> /usuario	2,88 m <sup>3</sup> /usuario	2,72 m <sup>3</sup> /usuario

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	RS3.5 Auga	Reducir o 5% en 2015 e o 10% en 2020 no consumo de auga específico anual, expresado en m <sup>3</sup> /usuario, con respecto a 2011.	(Pendente de comunicación polo Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos)	Redución do 5%	Redución do 10%

#### 1. DATOS

Na marxe temporal para a publicación deste PE non foi posible ter acceso ao valor inicial deste indicador, que fica pendente da súa comunicación por parte do Servizo Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos.

#### 2. REFLEXIÓN

A Facultade de Filoloxía pretende contribuír na redución do 5% en 2015 e do 10% en 2020 do consumo de auga anual.

#### 3. METAS

Reducir do 5% en 2015 e 10% en 2020 no consumo de auga específico anual, expresado en m<sup>3</sup>/usuario, con respecto a 2011.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Tomaranse as accións de aforro pertinentes, como xa se fixo coa instalación de grifos con limitación temporal nos baños.

## 2.4. Área 4 INTERNACIONALIZACIÓN

### INTERNACIONALIZACIÓN OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<p><b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1</b></p> <p>Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais</p>	<p>1.1 Internacionalizar as titulacións.</p> <p>1.2 Aumentar o número de títulos conxuntos e dobres titulacións internacionais.</p> <p>1.3 Impulsar as actividades de “internationalization at home”.</p> <p>1.4 Elaborar unha oferta de programas de “study abroad”.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Relacións Internacionais</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>CEC</p> <p>COA</p> <p>Coordinadora de RRII</p> <p>CRRII</p>

### INT1.1 Internacionalización

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INT1.1 Internacionalización	Incrementar o número de titulaciones con programas de docencia en inglés, para acadar 10 titulacións no ano 2015 e 14 titulacións no 2020.	7	10	14
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INT1.1 Internacionalización	Manter o número de titulacións con programas de docencia en inglés.	1 grao 2 maestr.		Manter valores

#### 1. DATOS

No noso centro impártese un grao con docencia en inglés.

No relativo aos mestrados, temos un mestrado e un itinerario de outro.

#### 2. REFLEXIÓN

Na Facultade de Filoloxía conseguiuase o número máximo de titulacións de grao con programas de docencia en inglés (Grao en Inglés), pois as outras titulacións de grao (Grao en Español e Grao en Galego-Portugués), pola súa propia natureza (filoloxía de linguas vivas) deben ser maioritariamente impartidas na lingua de estudo.

No relativo aos mestrados que se imparten no centro, o IMAES ten toda a súa docencia en inglés, ben como un dos itinerarios do MLCD.

#### 3. METAS

Manter as titulacións que teñen docencia en inglés.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Desde o centro, poranse en andamento as medidas precisas para a continuidade dos títulos con docencia en inglés.

### INT1.2 Titulacións conxuntas

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INT1.2 Titulacións conxuntas	Incrementar o número de titulacións conxuntas internacionais e dobres titulacións internacionais en mestrado e grao.	6	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INT1.2 Titulacións conxuntas	Incrementar o número de titulacións conxuntas internacionais e duplas titulacións internacionais en mestrado e grao.	1	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores

#### 1. DATOS

Temos unha dupla titulación internacional no Mestrado de Literatura, Cultura e Diversidade coa Universidade do Minho.

#### 2. REFLEXIÓN

Na actualidade, temos unha dupla titulación internacional no Mestrado de Literatura, Cultura e Diversidade coa Universidade do Minho. Para alén diso, estamos a tramitar convenios de duplas titulacións con outras universidades.

Propomos o incremento do número de titulacións conxuntas internacionais e duplas titulacións internacionais en máster e tamén en grao.

#### 3. METAS

Incrementar o número de titulacións conxuntas internacionais e duplas titulacións internacionais en máster e grao.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Plan de mellora da internacionalización do MLCD: asinar convenios de dupla titulación con outras universidades, como a Jagiellonian, en Polonia, coa que xa está avanzada a negociación.

Plan de mellora da internacionalización dos graos da Facultade de Filoloxía, estamos a tramitar acordos coa University of South Wales e a Università degli Studi di Verona, ambas para o grao en inglés.

### INT1.3 Alumnos estranxeiros

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INT1.3 Alumnos estranxeiros	5% de estudantes de intercambio entrantes e estudantes estranxeiros matriculados na UDC sobre o total de matriculados en 2020.	3,4%		5%
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INT1.3 Alumnos estranxeiros	Manter a porcentaxe de estudantes de intercambio entrantes e estudantes estranxeiros sobre o total dos estudantes matriculados no centro.	19%		Manter porcentaxe

#### 1. DATOS

Curso 2012/2013: 68 Erasmus incoming + 9 Holy Cross

Curso 2012/2013: 402 estudantes matriculados na Facultade de Filoloxía.

#### 2. REFLEXIÓN

Na facultade recíbense a práctica totalidade dos alumnos estranxeiros, pois adoitan cursar materias lingüísticas. Porén, como cursan titulacións combinadas, a UDC non asigna todo este alumnado ao centro.

#### 3. METAS

Manter a porcentaxe de alumnado estranxeiro matriculado no centro.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Manter as actuacións desenvolvidas até o presente na captación de alumnado de intercambio e estranxeiro.



## INTERNACIONALIZACIÓN

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2</b>  Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais	<p>2.1 Impulsar a mobilidade internacional de toda a comunidade universitaria</p> <p>2.2 Fomentar a realización de prácticas laborais no estranxeiro polos alumnos e titulados da UDC</p> <p>2.3 Aumentar o atractivo da UDC para os estudantes estranxeiros.</p> <p>2.4 Facer máis visibles as oportunidades de internacionalización da comunidade universitaria</p> <p>2.5 Priorizar a sinatura de novos convenios de mobilidade de acordo con criterios estratéxicos e de calidade.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Relacións Internacionais</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>CEC</p> <p>COA</p> <p>Coordinadora de RRII</p> <p>Comisión de RRII</p> <p>Coordinador/a de prácticas externas</p>

### INT2.1 Mobilidade académica

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INT2.1 Mobilidade académica	Alcanzar unha taxa de mobilidade do 5% en 2015 e 7% en 2020.	4,2%	5%	7%
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INT2.1 Mobilidade académica	Manter a porcentaxe de alumnado matriculado no centro con mobilidade internacional por encima do 20%	22%		≥20%

#### 1. DATOS

Total de estudantes *outgoing* e *incoming* 2012/2013: 89 estudantes.

Total alumnado matriculado: 402.

#### 2. REFLEXIÓN

O valor inicial deste indicador na Facultade de Filoloxía é moi elevado, superior en moito á media da UDC.

#### 3. METAS

Manter en 2020 un valor igual ou superior ao 20% do alumnado matriculado no centro con mobilidade internacional.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Difundir entre o alumnado as prazas dispoñíbeis (específicas para cada titulación) con reunións presenciais, información na páxina web da facultade e por correo electrónico.

Involucrar os alumnos que regresaron dunha mobilidade para que transmitan información sobre a súa experiencia e a súa avaliación da mesma aos que están a pensar en participar.

Involucrar os alumnos entrantes para que falen das súas universidades de orixe, as diferenzas que observaron, a súa valoración da experiencia até o momento etc.

### INT2.3 Mobilidade persoal

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	INT2.3 Mobilidade persoal	Incremento anual do número de PDI e PAS saíntes e entrantes.	PDI: 94 PAS: 30	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	INT2.3 Mobilidade persoal	Incrementar anual do número de PDI e PAS saíntes e entrantes.	PDI: 8 PAS: 0	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores

#### 1. DATOS

Curso 2012/2013: 8 PDI con STA; 0 PAS

#### 2. REFLEXIÓN

No curso 2012/2013 houbo 8 docentes con estadías STA, de modo que nos propomos continuar a aumentar este número no PDI.

O PAS non realizou ningunha mobilidade, de modo que propomos que se aumente anualmente esta cifra.

#### 3. METAS

Manter para 2020 ou, se é posíbel, incrementar o número de PDI e PAS saíntes e entrantes.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Informar ao PDI da posibilidade de realización de estadías STA e STT e aos PAS das estadías destinadas a este sector do persoal.





## INTERNACIONALIZACIÓN OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3</b>  <b>Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria</b>	<b>3.1</b> Facilitar e impulsar a formación en idiomas de toda a comunidade universitaria. <b>3.2</b> Fomentar a acreditación lingüística de alumnos e profesores. <b>3.3</b> Apoiar e motivar os profesores que imparten docencia en inglés.	Vicerreitor/a competente en materia de Relacións Internacionais  Equipa Decanal  CEC  COA  Vicedecana de RRII e Comisión de RRII...

Non incluimos ningún indicador do **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3** do apartado de **INTERNACIONALIZACIÓN** porque a formación lingüística é unha característica das titulacións deste centro, debido a que todos os estudantes cursan estudos lingüísticos e a que se imparten titulacións en lingua inglesa.

## 2.5. Área 5 FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

### FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<p><b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1</b></p> <p>Unha captación de recursos proactiva e uns ingresos diversificados</p>	<p>1.1 Mellorar a xestión da investigación e a transferencia</p> <p>1.2 Valorizar a tecnoloxía, os espazos e as instalacións existentes para o seu uso externo</p> <p>1.3 Potenciar e promover a imaxe da UDC.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Planificación Económica</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>CEC</p> <p>COA</p>

### FIN1.3 Captación de fondos a través de redes de investigadores

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	FIN1.3 Captación de fondos a través de redes de investigación	Mantemento do nivel de captación de recursos para a investigación procedente das redes de investigadores	(Pendente resultados SUXI-XC)		Manter o valor inicial

#### 1. DATOS

A pesar de sabermos que se trata dunha fonte importante de recursos, non dispomos do valor exacto deste indicador nos anos 2012 e 2013, mais a inmediata incorporación por parte dos grupos de investigación dos seus datos históricos no Sistema de Xestión Curricular do Persoal Investigador (SUXI-XC) permitirá dispor do valor inicial deste indicador.

#### 2. REFLEXIÓN

Trátase dun indicador non recollido no PE da UDC, mais consideramos oportuno incluílo no PE da Facultade de Filoloxía porque no noso centro as redes teñen un peso importante na captación de recursos.

#### 3. METAS

Manter para 2020 o nivel de captación de recursos para a investigación procedente das redes de investigadores.

#### 4. PLANS DE MELLORA

Informar ao PDI investigador das convocatorias de axudas para redes de investigadores.



## FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<b>OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2</b>  <b>Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos</b>	<p>2.1 Xeneralizar e sistematizar a medición do uso e da distribución dos recursos disponibles.</p> <p>2.2 Vincular a asignación de recursos de centros e servizos ao cumprimento de obxectivos,</p> <p>2.3 Afondar no uso das novas tecnoloxías para a xestión e a administración.</p> <p>2.4 Fomentar a mellora das actividades de xestión e administración.</p> <p>2.5 Racionalizar os procesos de contratación e compra de subministracións.</p> <p>2.6 Preservar o bo funcionamento da infraestrutura existente.</p>	<p>Vicerreitor/a competente en materia de Planificación Económica</p> <p>Equipa Decanal</p> <p>CEC</p> <p>COA</p> <p>Comisión de Infraestruturas</p>

## FIN2.4 (Centros) Procedementos

UDC	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
	<b>FIN2.4 (Centros) Procedementos</b>	Número de documentos económicos do centro validados polas CAE dos centros	197	-	-

  

FILO	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
	<b>FIN2.4 (Centros) Procedementos</b>	Mantemento ou diminución de documentos económicos do centro validados pola CAE	4	≤ 4	≤ 4

### 1. DATOS

Dentro do seu obxectivo estratéxico 2, o Plano Estratéxico da UDC vincula a asignación de recursos dos centros, entre outros aspectos, á mellora das actividades de xestión e administración. Neste sentido, un valor elevado para o indicador FIN2.4 pode representar un indicio de xestión deficiente. O último valor coñecido da Facultade de Filoloxía (4 documentos económicos validados pola Comisión de Asuntos Económicos) é un dos valores máis baixos dos centros da UDC.

### 2. REFLEXIÓN

É difícil achegar a 0 o valor deste indicador, pois a actividade económica do mes de decembro (derivada de defensas de tese, conferencias etc), posterior á data de encerramento do exercicio económico da UDC, ten que ser necesariamente remitida á CAE para a súa validación.

### 3. METAS

Manter ou reducir para 2020 o número de documentos económicos do centro remitidos á CAE para a súa validación.

### 4. PLANS DE MELLORA

Estender a cultura da xestión económica fluída e de calidade entre os grupos de interese para evitarmos problemas derivados da presentación deficiente de documentación económica para a súa tramitación.



## FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3

Obxectivos	Liñas de actuación	Responsable
<b>OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3</b>  <b>Unha comunidade identificada coa institución</b>	<b>3.1</b> Propiciar un ambiente de estudo e de traballo positivo, seguro, saudable e estimulante <b>3.2</b> Renovar o compromiso co desenvolvemento profesional das persoas que traballan na UDC <b>3.3</b> Impulsar a identidade universitaria do estudiantado <b>3.4</b> Promover a xestión e o uso responsable dos recursos comúns.	Vicerreitor/a competente en materia de Planificación Estratégica  Equipa Decanal  CEC  COA  Comisión de Normalización Lingüística  Comisión de Infraestruturas

### FIN3.1 Satisfacción PDI

Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
<b>FIN3.1 Satisfacción PDI</b>	Resposta media superior a 6 sobre 7 en todos os centros da UDC na pregunta específica sobre motivación do Cuestionario de Autoavaliación da Docencia (AD) a partir de 2015.	1 centro con resposta media inferior a 6	0	0

Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
<b>FILO FIN3.1 Satisfacción PDI</b>	Manter a resposta media nun valor superior a 6 sobre 7 na pregunta específica sobre motivación do Cuestionario de Autoavaliación da Docencia (AD) até 2020	6,33	> 6	> 6

### 1. DATOS

	Satisfacción PDI 2011/2012
Escola Técnica Superior de Arquitectura	6,43
Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos	6,33
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	6,22
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	6,24
Facultade de Ciencias	6,36
Facultade de Ciencias da Comunicación	6,21
Facultade de Ciencias da Educación	6,25
Facultade de Ciencias da Saúde	6,34
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	6,31
Facultade de Dereito	6,14
Facultade de Economía e Empresa	5,92
<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>6,33</b>
Facultade de Fisioterapia	6,18
Facultade de Informática	6,28
Facultade de Socioloxía	6,19
Escola Politécnica Superior	6,16
Escola Universitaria de Deseño Industrial	6,47
Escola Universitaria Politécnica	6,1
Facultade de Ciencias do Traballo	6,53
Facultade de Enfermería e Podoloxía	
Facultade de Humanidades e Documentación	6,52



## **2. REFLEXIÓN**

A Facultade de Filoloxía ten un índice de satisfacción de 6,33 puntos sobre 7 no apartado de motivación da súa autoavaliación da Docencia, sendo común ao resto de centros da UDC, en que se superan os 6 puntos. Por tanto, propomos tamén, como a UDC, continuar a ter un índice de motivación superior aos 6 puntos ata 2020.

## **3. METAS**

Resposta media superior a 6 sobre 7 na pregunta específica sobre motivación do Cuestionario de Autoavaliación da Docencia (AD) a partir de 2015.

## **4. PLANS DE MELLORA**

Continuar a incentivar a participación do profesorado nos cuestionarios de autoavaliación da docencia.



### FIN3.2 Satisfacción PAS

	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial UDC	meta 2015 UDC	meta 2020 UDC
UDC	<b>FIN3.2 Satisfacción PAS</b>	Elaboración de enquisas de satisfacción persoal entre o PAS antes de 2015, e seguimento posterior.	NON	A enquisa realízase con normalidade	
	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	valor inicial FILO	meta 2015 FILO	meta 2020 FILO
FILO	<b>FIN3.2 Satisfacción PAS</b>	Manter por encima do 5 sobre 7 a media das respostas sobre satisfacción na enquisa de satisfacción persoal do PAS até 2020	5,1		> 5

#### 1. DATOS

##### Comparativa de centros

	Enquisa PAS 2012/2013
Escola Técnica Superior de Arquitectura	
Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos	5
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	4,2
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	5,6
Facultade de Ciencias	5,43
Facultade de Ciencias da Comunicación	3,33
Facultade de Ciencias da Educación	5,84
Facultade de Ciencias da Saúde	5,25
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	5,87
Facultade de Dereito	4,87
Facultade de Economía e Empresa	4,28
<b>Facultade de Filoloxía</b>	<b>5,1</b>
Facultade de Fisioterapia	5,25
Facultade de Informática	4,69
Facultade de Socioloxía	3,33
Escola Politécnica Superior	4,53
Escola Universitaria de Deseño Industrial	5
Escola Universitaria Politécnica	
Facultade de Ciencias do Traballo	5
Facultade de Enfermería e Podoloxía	5
Facultade de Humanidades e Documentación	5



## **2. REFLEXIÓN**

No noso centro xa se realizan as enquisas de satisfacción do PAS.

O índice de satisfacción no curso 2012/2013 é de 5,1, por encima da media da UDC (4,87).

## **3. METAS**

Propomos manter un índice de satisfacción mínimo de 5 puntos ata 2020.

## **4. PLANS DE MELLORA**

Realizar a enquisa con normalidade.

### 3. ANEXO 1: Grupos de traballo da Comisión de Estratexia e Calidade

#### ÁREA 1. DOCENCIA E APRENDIZAXE

María Jesús Lorenzo Modia (decana)

Carlos Caetano Vizcaíno Fernández (vicedecano de calidade)

M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino (representante da área de Filoloxía Románica)

Nancy Vázquez Veiga (coordinadora do Mestrado Interuniversitario de Lingüística Aplicada, MILA)

Laura Buján Sánchez (estudiante)

#### ÁREA 2. INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

María Jesús Lorenzo Modia (decana)

Carlos Caetano Vizcaíno Fernández (vicedecano de calidade)

Fernando González Muñoz (representante da área de Filoloxía Latina)

Cleofé Tato García (coordinadora do Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade, MLCD)

Guillermo Sotillo Louro (estudiante)

#### ÁREA 3. RESPONSABILIDADE SOCIAL

María Jesús Lorenzo Modia (decana)

Carlos Caetano Vizcaíno Fernández (vicedecano de calidade)

Esperanza Acín Villa (coordinadora do Grao en Español)

Mercedes Regueiro Diehl (representante da área de Francés)

Sofía Cambeiro Vázquez (estudiante)

#### ÁREA 4. INTERNACIONALIZACIÓN

María Jesús Lorenzo Modia (decana)

Carlos Caetano Vizcaíno Fernández (vicedecano de calidade)

José Manuel Estévez Saá (coordinadora do MIEAA)

Laura Tato Fontaíña (coordinadora do Grao en Galego e Portugués)

Elizabeth Woodward-Smith (coordinadora do Grao en Inglés)

#### ÁREA 5. FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

María Jesús Lorenzo Modia (decana)

Carlos Caetano Vizcaíno Fernández (vicedecano de calidade)

Xosé Manuel Sánchez Rei (secretario)

Olivia Rodríguez González (representante da área de Teoría da Literatura)

María Silva Pais (administradora)

## 4. ANEXO 2: Cadros de obxectivos, liñas de actuación e indicadores

### ÁREA DOCENCIA E APRENDIZAXE

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 1</b> Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior	1.1 Profundar na integración das titulacións no EEES.	Vicerreitor/a competente en materia de Relacións Internacionais	DA1.1. Graduación	Taxa de graduación igual ou superior ao 30% en 2015 e 40% en 2020	23,17 (G <sup>os</sup> ) 64,52 (M <sup>dos</sup> )	30%	40%
	1.2 Continuar a aposta por establecer contornos de aprendizaxe máis interactivos e estimulantes.	Vicerreitor/a competente en materia de Títulos	DA1.2. Abandono	Reducir de forma progresiva a taxa de abandono, ata alcanzar valores inferiores ao 20% en 2015 e ao 15% 2020, e ningunha titulación con valores superiores ao 25%.	24,7%	<20%	<15%
	1.3 Afondar no uso das novas ferramentas tecnolóxicas para a docencia non presencial e en liña.	Equipa Decanal	DA1.3. Eficiencia	Manter valores da taxa media de eficiencia superiores ao 90% en 2015 e ao 95% en 2020.	93,2%	>90%	>95%
	1.4 Facilitar a adecuación da organización académica ás novas metodoloxías e á innovación docente.	COA	DA1.4 Éxito	Manter valores de taxa de éxito superiores ao 80% ata 2020.	80%	>80%	>80%
		CEC	DA1.5. Motivación	Aumentar anualmente os niveis de motivación, medidos pola enquisa de satisfacción de estudantes, ata superar o 6/7 en 2020.	5,5/7		6/7
	1.5 Desenvolver e mellorar os mecanismos de coordinación internos en cada titulación.	Coordinadores/as dos títulos	DA1.6. Participación na avaliación	Aumentar ata o 60% en 2020 a participación dos estudantes nos procesos de avaliación da satisfacción coa docencia recibida	18,7%		60%
	1.6 Mellorar a formación continua e a renovación e innovación docente do profesorado.	Profesorado	DA1.7. Avaliación docente	Alcanzar en 2020 o 100% do profesorado avaliado polo procedemento de avaliación docente, o 20% coa máxima valoración e o 30% con valoración notábel.	21,6% avaliado; 87,5 máx. valoración		100%; 20% ex-celente; 30% notábel
			DA1.8. Actualización docente	Participación anual do 40% do profesorado en programas de actualización e formación docente no ano 2020.	22%		40%

ÁREA  
DOCENCIA E APRENDIZAXE

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 3</b>  Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno	3.1 Avanzar no axuste das titulacións de grao e posgrao ás necesidades sociais do noso contorno e ás demandas dos estudantes	Vicerreitor/a competente en materia de Títulos	DA3.1. Preferencias estudiantado	Manter ou superar ata 2020 o 80% de estudantes matriculados en grao na súa primeira opción solicitada.	87,5%		≥ 80%
		Equipa Decanal	DA3.3. Novos ingresos (grao)	Manter o nivel de matrícula de novo ingreso nas titulacións de grao, cunha media de 110 estudantes de novo ingreso entre os tres graos que comparten os dous primeiros cursos en común.	115	≥ 110	≥ 110
	3.2. Definir políticas proactivas de captación de estudantes	CEC	DA3.4. Novo ingreso (mestrado)	Incremento anual de estudantes de novo ingreso de mestrado, até chegar aos límites dos títulos en 2020.	24	30	40
	3.3. Impulsar a formación ao longo de toda a vida e afondar na oferta de formación interdisciplinar	COA					
	3.4. Mellorar a comunicación e a coordinación co ensino medio e o ensino superior non universitario	Coordinadores/as dos títulos  Profesorado					

ÁREA  
INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 1</b> Unha produción científica de calidade	1.1. Garantir a calidade dos estudos de doutoramento	Vicerreitor/a competente en materia de Investigación e de Profesorado	INV1.1. Produtividade científica	Aumentar de forma progresiva ata 2020 a produción científica, para superar o valor de 0,5 artigos (ponderados cada un polo índice de impacto da publicación) por PDI doutor, publicados en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR.	0,023		>0,5
	1.2. Mellorar a captación de investigadores predoutorais e postdoutorais	Equipa Decanal	INV1.2. Producción científica	Incrementar un 20% o número de documentos anualmente recollidos en Scopus.	(Pendente)		+ 20%
	1.3. Incidir na cualificación do persoal, en particular a capacidade investigadora, como criterio de selección, valoración e promoción do PDI	COA CEC	INV1.5. Sexenios	Aumentar a proporción entre o número de sexenios de investigación obtidos polo PDI en condicións de solicitar sexenio e o número máximo de sexenios posibles, para alcanzar o 45% en 2015 e o 50% en 2020.	42%	45%	50%
	1.4. Acentuar o recoñecemento da actividade investigadora dentro do conxunto de tarefas desenvolvidas polo PDI	Grupos de investigación Coordinadores de doutoramento	INV1.6. Doutoramento	Incrementar a porcentaxe de programas de doutoramento con mención de calidade / selo de excelencia, até alcanzar o 50% en 2020.	0%		≥ 50%
	1.5. Fomentar a cooperación interdisciplinar entre grupos	Comisión de programas de doutoramento	INV1.7. Calidade das teses de doutoramento	Aumentar anualmente a porcentaxe de teses de doutoramento que dan lugar a algunha publicación non máis tarde do ano seguinte ao da defensa da tese	0,167	> valor anterior	> valor anterior
	1.6. Mellorar a coordinación e a axilidade da xestión da investigación, en particular o apoio á xestión de proxectos europeos	UADI					
	1.7. Aumentar a visibilidade e mellorar os indicadores da actividade real de investigación e transferencia						
	1.8. Mellorar a infraestrutura científica						

ÁREA  
INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 3</b> Internacionalizar a investigación e a transferencia	3.1. Fomentar e apoiar o acceso ao financiamento internacional para investigación	Vicerreitor/a competente en materia de Investigación e Transferencia	INV3.1. Proxectos competitivos	Manter o nivel medio de ingresos por proxectos competitivos por PDI doutor até 2020	(Pendente)		Manter valores
	3.2. Aumentar a concorrencia dos grupos da UDC nas convocatorias competitivas internacionais en consorcios público-privados	Equipa Decanal COA	INV3.3. Doutoramento internacional	Incremento do 40% do número anual de teses defendidas na UDC con mención internacional, desde os cursos 2013-2014 até o curso 2019-2020.	14,3%		20,1% (40% máis)
	3.3. Impulsar a internacionalización a través da formación de novos investigadores	CEC Grupos de investigación Coordinadoras/es de programas de doutoramento Directoras/es de departamento	INV3.4. Estadías	Manter en 2020 os valores medios de meses de estadía acreditados por PDI doutor	(Pendente)		Manter valores

ÁREA  
RESPONSABILIDADE SOCIAL

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 1</b> Unha universidade que impulsa a mudanza social	1.1. Fortalecer a participación da comunidade universitaria na sociedade	Vicerreitor/a competente en materia de Responsabilidade Social	RS1.3. Deportes	Potenciar o número de usuarios nos programas de exercicio e saúde	(Pendente)		> valor
	1.2. Fomentar a participación de cidadáns e institucións na comunidade universitaria	Equipa Decanal					
	1.3. Fomentar os hábitos para unha universidade saudábel	CEC					
	1.4. Contribuír á normalización da lingua galega	Comisión de Cultura					
	1.5. Promover o desenvolvemento de competencias transversais en todas as titulacións						
	1.6. Fomentar as políticas de compra socialmente responsábel						



ÁREA  
RESPONSABILIDADE SOCIAL

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 2</b> Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación	2.1. Progresar cara á accesibilidade universal	Vicerreitor/a competente en materia de Responsabilidade Social	RS2.1. Accesibilidade	Continuar a atender cada ano o 100% das necesidades de accesibilidade da Facultade de Filoloxía	100%	100%	100%
	2.2. Impulsar a igualdade entre homes e mulleres	Equipa Decanal	RS2.2. Igualdade de homes e mulleres	Manter ou superar o 50% de IP mulleres no ano 2020.	67		≥ 50%
	2.3. Establecer políticas de apoio aos estudantes en situación de dificultades económicas	COA CEC	RS2.3. Apoio a estudantes	Manter a porcentaxe de fondos de axudas destinados a estudantes fronte ao orzamento global liquidado	10,63%		≥ 5%

ÁREA  
RESPONSABILIDADE SOCIAL

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 3</b> Unha universidade responsábel do seu impacto ambiental	3.1. Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de ambientalización e sustentabilidade	Vicerreitor/a competente en materia de Responsabilidade Social	RS3.1. Plano ambiental	Elaboración dun plano ambiental	0		1
	3.2. Implantar procesos de xestión sostíbel dos residuos	Equipa Decanal	RS3.4. Enerxía	Reducir o 5% en 2015 e o 10% en 2020 no consumo enerxético específico anual, expresado en KWh/empregado e en KVh/m <sup>2</sup> edificado, con respecto a 2011	(Pendente)	Reducir o 5%	Reducir o 10%
	3.3. Impulsar a mobilidade sostíbel	COA	RS3.5. Auga	Reducir o 5% en 2015 e o 10% en 2020 no consumo de auga específico anual expresado en m <sup>3</sup> /usuario, con respecto a 2011	(Pendente)	Reducir o 5%	Reducir o 10%
	3.4. Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovábeis e o aforro de auga	CEC  Comisión de Infraestruturas					

ÁREA  
INTERNACIONALIZACIÓN

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 1</b> Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais	1.1 Internacionalizar as titulacións	Vicerreitor/a competente en materia de Relacións Internacionais	INT1.1. Internacionalización	Manter o número de titulacións con programa de docencia en inglés	1 Gº/1 Mest		Manter valores
	1.2. Aumentar o número de títulos conxuntos e dobres titulacións internacionais	Equipa Decanal	INT1.2. Titulacións conxuntas	Incrementar o número de titulacións conxuntas internacionais e duplas titulacións internacionais en mestrado e grao	1	> valor	> valor
	1.3. Impulsar as actividades de "internationalization at home"	COA	INT1.3. Alumnos estranxeiros	Manter a porcentaxe de estudantes de intercambio entrantes e estudantes estranxeiros sobre o total dos estudantes matriculados no centro	19%		Manter %
	1.4. Elaborar unha oferta de programas de "study abroad"	CEC CRRII					

ÁREA  
INTERNACIONALIZACIÓN

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 2</b> Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais	2.1. Impulsar a mobilidade internacional de toda a comunidade universitaria	Vicerreitor/a competente en materia de Relacións Internacionais	INT2.1. Porcentaxe de alumnado matriculado no centro con mobilidade internacional	Manter a porcentaxe de alumnado matriculado no centro con mobilidade internacional por encima do 20%	22%		> 20%
	2.2. Fomentar a realización de prácticas laborais no estranxeiro polos alumnos e titulacións da UDC	Equipa Decanal	INT2.3. Mobilidade persoal	Incrementar anual do número de PDI e PAS saintes e entrantes	8 PDI 0 PAS	> valor	> valor
	2.3. Aumentar o atractivo da UDC para os estudantes estranxeiros	COA CEC					
	2.4. Facer máis visíbeis as oportunidades de internacionalización da comunidade universitaria	Coordinador/a de RRII					
	2.5. Priorizar a sinatura de novos convenios de mobilidade de acordo con criterios estratéxicos e de calidade	CRRII Coordinador/a de prácticas externas					

ÁREA

FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 1</b> Unha captación de recursos proactiva e uns ingresos diversificados	1.1. Mellorar a xestión da investigación e a transferencia	Vicerreitor/a competente en materia de Planificación Económica	FIN1.3. Captación de fondos a través de redes de investigación	Mantemento do nivel de captación de recursos para a investigación procedente das redes de investigadores	(Pendente)		Manter valores
	1.2. Valorizar a tecnoloxía, os espazos e as instalacións existentes para o seu uso externo	Equipa Decanal					
	1.3. Potenciar e promover a imaxe da UDC	COA CEC					

ÁREA

FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 2</b> Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos	2.1. Xeneralizar e sistematizar a medición do uso e da distribución dos recursos dispoñíbeis	Vicerreitor/a competente en materia de Planificación Económica	FIN2.4. (Centros) Procedementos	Mantemento ou diminución do número de documentos económicos do centro validades pola CAE	4	≤ 4	≤ 4
	2.2. Vincular a asignación de recursos do centro ao cumprimento de obxectivos	Equipa Decanal					
	2.3. Afondar no uso das novas tecnoloxías para a xestión e a administración	COA CEC					
	2.4. Fomentar a mellora das actividades de xestión e administración	Comisión de Infraestruturas					
	2.5. Racionalizar os procesos de contratación e compra de subministracións						
	2.6. Preservar o bo funcionamento da infraestrutura existente						

ÁREA

FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Obxectivo	Liñas de actuación	Responsable	Indicadores do obxectivo	Definición indicador	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
<b>Obxectivo estratéxico 3</b> Unha comunidade identificada coa institución	3.1. Propiciar un ambiente de estudo e de traballo positivo, seguro, saudábel e estimulante	Vicerreitor/a competente en materia de Planificación Estratéxica	FIN3.1. Satisfacción PDI	Manter a resposta media nun valor superior a 6 sobre 7 na pregunta específica sobre motivación do Cuestionario de Autoavaliación até 2020	6,33	> 6	> 6
	3.2. Renovar o compromiso co desenvolvemento profesional das persoas que traballan na UDC	Equipa Decanal	FIN3.2. Satisfacción PAS	Manter por encima do 5 sobre 7 a media das respostas sobre satisfacción na enquisa de satisfacción persoal do PAS até 2020	5,1		> 5
	3.3. Impulsar a identidade universitaria do estudantado	COA CEC					
	3.4. Promover a xestión e o uso responsábel dos recursos comúns	Comisión de Infraestruturas Comisión de Normalización Lingüística					

## 5. ANEXO 3: Cadro operativo

### ÁREA DOCENCIA E APRENDIZAXE

Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>DA1.1. Mellorar a taxa de graduación dos graos e mestrados da Facultade até nos aproximar ao 30% en 2015 e ao 40% en 2020</b>	Impulsar as plataformas virtuais que faciliten ao alumnado con dificultades a continuidade nos estudos e permitan ao profesorado facer un seguimento da súa participación asíncrona, especialmente no caso do alumnado con dispensa académica	Equipa decanal Coordinadoras/es das titulacións Profesorado	2015: Curso de formación de profesorado sobre o uso da plataforma Moodle.	
<b>DA1.2. Reducir a taxa de abandono, até alcanzar en 2015 valores inferiores ao 20% e ao 15% en 2020</b>	Potenciar as titulacións interuniversitarias e internacionais de maneira que podan constituír máis un elemento de estímulo contra o abandono, xa que facilitan a mobilidade xeográfica sen abandonar o título.  Por en andamento mecanismos para o seguimento do alumnado das titulacións interuniversitarias, para mellorar a relación interpersoal cos estudantes doutros campus	Equipa decanal Comisión de organización académica Comisión de estratexia e calidade Coordinadoras/es das titulacións	2015: alcanzar unha titulación internacional e ofertar simultaneidade dos graos do centro.  2016: procurar unha segunda titulación internacional  2017: implementar mecanismos de seguimento do alumnado de titulacións interuniversitarias	
<b>DA1.3. Manter os valores da taxa media de eficiencia superiores ao 90% en 2015 e superiores ao 95% en 2020</b>	Continuar o proceso de adecuación da carga de traballo ao número de créditos de cada materia.	Equipa decanal Coordinadoras/es das titulacións Profesorado Comisión de estratexia e calidade	2015-2020: Ponderación anual da taxa media de eficiencia das titulacións por parte da Comisión de Estratexia e Calidade. Nos casos precisos, solicitude aos coordinadores das titulacións afectadas para que continúen co proceso de adecuación de carga de traballo ao número de créditos das materias.	
<b>DA1.4. Manter valores da taxa de éxito superiores ao 80% ata 2020</b>	Intensificar o Plano de Acción Titorial	Equipa decanal Coordinador PAT do centro Titoras/es PAT do centro Comisión de estratexia e calidade	2015-2020: Reunións periódicas en que os titores e as titoras reflexionen sobre o funcionamento do PAT do centro.  2016: Pór a disposición dos titores e das titoras PAT un repositorio documental en que se disponibilicen os documentos e a información actualizada que poda ser de utilidade para os/as estudantes que titorizan.  2017: Ponderar os resultados das experiencias de <i>mentoring</i> na UDC para a súa posíbel implantación na Facultade de Filoloxía.	



Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>DA1.5. Aumentar anualmente os niveis de motivación, medidos pola enquisa de satisfacción de estudantes, ata alcanzar niveis superiores a 6 en 2020.</b>	<p>Intensificación do Plan de Acción Titorial.</p> <p>Fomentar desde a coordinación dos graos a motivación do profesorado, de maneira que esta redunde na do alumnado.</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Coordinador PAT de centro</p> <p>Titores/as PAT</p> <p>Profesorado</p> <p>Comisión de estratexia e calidade</p> <p>Comisión de organización académica</p>	<p>2016: A CEC revisará en profundidade o PAT de centro co obxectivo de o intensificar.</p> <p>2016 e 2018: As coordinadoras dos graos reuniranse para analizaren a motivación do profesorado e proporen medidas de actuación.</p> <p>2015-2020: As comisións velarán pola calidade das titulacións. A CEC valorará anualmente o nivel de motivación do alumnado e do profesorado e propondrá eventuais novas actuacións.</p>	
<b>DA1.6. Aumentar ata o 60% no ano 2020 a participación dos estudantes nos procesos de avaliación da satisfacción coa docencia recibida</b>	<p>Fomentar a participación do alumnado nas enquisas de avaliación da docencia a través dos titores PAT, <i>mailing</i> etc.</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Coordinador PAT de centro</p> <p>Titoras/es PAT</p> <p>Profesorado</p> <p>Comisión de estratexia e calidade</p>	<p>2016: desde a coordinación do PAT do centro, acordar cos titores e coas titoras como e cando facer chegar ao estudiantado información sobre a importancia da súa participación na avaliación da docencia.</p> <p>A partir do primeiro cuadrimestre do curso 2016/2017, a CEC avaliará a porcentaxe de participación e propondrá eventuais mudanzas nas estratexias de fomento da mesma.</p>	
<b>DA1.7. Alcanzar en 2020 o 100% de profesorado avaliado polo procedemento de avaliación docente, o 20% do cal con máxima valoración e o 30% con notábel</b>	<p>Fomentar a participación do profesorado no programa Docentia (cursos impartidos polo CUFIE, información desde o centro, proposición á Vicerreitoría de Profesorado para que incentive Docentia)</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Directoras/es de departamento</p> <p>Comisión de organización académica</p>	<p>2016: Proposición á Vicerreitoría de Profesorado para que se incentive a participación no programa Docentia.</p>	
<b>DA1.8. Participación do 40% anual do profesorado en programas de actualización e formación docente no ano 2020</b>	<p>Fomentar a participación do profesorado nos programas de formación do profesorado (PFI e PAE).</p> <p>Reflexionar cos directores de departamento na COA sobre a transcendencia da actualización docente, de maneira que o poidan facer chegar ao profesorado</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Comisión de organización académica</p> <p>Directoras/es de departamento</p> <p>Profesorado</p>	<p>2015-2016: Lembranza nas xuntas de facultade da importancia da participación do profesorado nos programas de formación.</p> <p>2015-2020: Reflexionar cos directores de departamento na COA sobre a transcendencia da actualización docente, de maneira que o poidan facer chegar ao profesorado</p>	
<b>DA3.1. Manter ou superar até 2020 o 80% de estudantes matriculados en grao na súa primeira opción solicitada</b>	<p>Mellorar a promoción das titulacións da Facultade mediante a realización e difusión dun vídeo de presentación en que aparezan algúns dos egresados, que traballen en diferentes ámbitos profesionais</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Comisión de estratexia e calidade</p>	<p>2017: Realización dun vídeo promocional das titulacións da facultade.</p>	

Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>DA3.3. Manter o nivel de matrícula de novo ingreso nas titulacións de grao, cunha media de 110 estudantes de novo ingreso entre os tres graos (que comparten os dous primeiros cursos en común)</b>	<p>Execución anual do Plano de Mellora de promoción e captación das titulacións proposto nos informes de seguimento.</p> <p>Elaboración dun vídeo en que aparezan egresados que traballen en diferentes ámbitos</p> <p>Intensificar os contactos coa University of South Wales para alcanzar unha dupla titulación internacional</p> <p>Plano de viabilidade dos Graos en Español e en Galego e Portugués</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Comisión de estratexia e calidade</p> <p>Coordinadoras dos graos</p> <p>Profesorado</p>	<p>2015: Execución do Plano de Mellora de promoción e captación de estudantado.</p> <p>2015: Intensificación dos contactos coa University of South Wales.</p> <p>2015-2017: Execución do Plano de viabilidade dos Graos en Español e en Galego e Portugués.</p> <p>2017: Realización dun vídeo promocional das titulacións da facultade.</p>	
<b>DA3.4. Incrementar anualmente os estudantes de novo ingreso de mestrado, até chegar aos</b>	<p>Execución anual do Plano de mellora de promoción e captación das titulacións proposto nos informes de seguimento, coa finalidade de captar máis alumnado, nomeadamente no Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade.</p> <p>Plan de mellora de internacionalización do MLCD, con convenios de dupla titulación (Universidade do Minho).</p> <p>Elaboración dun vídeo en que aparezan algúns dos nosos egresados que traballen en diferentes ámbitos</p> <p>Traballar na mellora das páxinas web para lles dar unha maior visibilidade e facer máis atractivos os mestrados.</p> <p>Contemplan a posibilidade de faceren prácticas extracurriculares no Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade.</p> <p>Conseguir unha dobre titulación internacional para o MLCD que propicie o aumento de demanda de novo ingreso até alcanzar os 20 estudantes. O decanato avanzará, neste sentido, os contactos existentes coa Universidade de Jagiellonian (Cracovia).</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Comisión de estratexia e calidade</p> <p>Coordinadoras/es dos mestrados</p> <p>Profesorado</p>	<p>2015: Execución do Plano de mellora de promoción e captación de alumnado.</p> <p>2015-2017: Execución progresiva do Plano de mellora de internacionalización do MLCD, coa consecución de convenios de dupla titulación.</p> <p>2017: Realización dun vídeo promocional das titulacións da facultade.</p> <p>2015-2018: Mellora das páxinas web para lles dar unha maior visibilidade e atractivo.</p> <p>2016-2017: Sinatura de convenios para a realización de prácticas extracurriculares no MLCD.</p>	

ÁREA  
INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<p><b>INV1.1. Aumentar de forma progresiva até 2020 a produción científica, para superar o valor de 0,5 artigos (ponderados cada un polo índice de impacto da publicación) por PDI doutor, publicados en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR.</b></p>	<p>Informar na COA e na CEC da necesidade de o PDI doutor publicar en revistas científicas indexadas nas bases de datos de ISI/JCR para alcanzar o valor de 0,5 artigos.</p> <p>Informar todo o PDI, especialmente os coordinadores de grupos de investigación, sobre estratexias de xestión curricular:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Revistas mellor valoradas nos campos da Filoloxía, Lingüística e Estudos Literarios (preparar listaxes para as diferentes áreas)</li> <li>- Organismos editoriais máis valorados nos campos da Filoloxía, Lingüística e Estudos Literarios (pódense preparar tamén listaxes para as diferentes áreas)</li> <li>- Recursos para a difusión da investigación publicada (repositorios en acceso aberto, redes sociais académicas, webs propias...)</li> <li>- Recursos para a produción de estudos en revistas internacionais (tradutores)</li> </ul> <p>Informar todo o PDI e, na medida do posíbel, establecer sistemas de supervisión das seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actualización do catálogo de investigación</li> <li>- Aplicación sistemática das normas de citación e de identificación de autoría, grupo-proxecto de investigación, organismo editorial, institucións, segundo a normativa da UDC</li> </ul> <p>Procurar unha flexibilización dos criterios e parámetros utilizados no catálogo de investigación nos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Para medir o índice de impacto nunha publicación no campo das Humanidades deberíanse establecer prazos máis amplos (nunca inferiores a 2 anos; preferibelmente 3 anos)</li> <li>- Tomar en consideración outros índices, ademais de ISI/JCR, por exemplo, Scopus, ISOC, índices de calidade das editoriais etc.</li> </ul> <p>Socilitar ao CUFIE a celebración de cursos dirixidos ao PDI sobre os procesos para publicar nas revistas indexadas en ISI/JCR</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Comisión de organización académica</p> <p>Comisión de estratexia e calidade</p> <p>Grupos de investigación</p> <p>Directoras/es de departamento</p> <p>Profesorado</p> <p>UADI</p>	<p>2015/2016: A COA e a CEC confeccionarán unha proposta de actuación para, co apoio da UADI, facer chegar á totalidade do PDI investigador –de maneira especial aos coordinadores e ás coordinadoras dos grupos de investigación– a información recollida nos planos de mellora deste obxectivo.</p> <p>2015/2016: A equipa decanal, co apoio dos coordinadores e das coordinadoras dos grupos de investigación, demandará ás institucións pertinentes a flexibilización dos criterios e parámetros empregados no catálogo de investigación.</p> <p>No primeiro cuadrimestre do curso 2016/2017 a CEC ponderará os resultados obtidos neste obxectivo estratéxico e revisará as estratexias de consecución do mesmo.</p>	

Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>INV1.2. Incrementar un 20% o número de documentos anualmente recollidos en Scopus</b>	Lembrar a todo o profesorado as recomendacións de filiación institucional para as publicacións de investigadores da Universidade da Coruña aprobadas en Consello de Goberno de 27 de febreiro de 2014.	Equipa decanal Comisión de estratexia e calidade	2016: A ED lembrará ao profesorado as recomendacións de filiación institucional. 2017-2020: A CEC avaliará anualmente os resultados e propondrá novas actuacións	
<b>INV1.5. Aumentar a proporción entre o número de sexenios de investigación obtidos polo PDI en condicións de solicitar sexenio e o número máximo de sexenios posibles para alcanzar o 45% en 2015 e o 50% en 2020</b>	Reflexionar cos directores de departamento e cos coordinadores dos grupos de investigación sobre a importancia de o PDI alcanzar as condicións para obter o recoñecemento dos sexenios, coa intención de que o fagan chegar ao profesorado.	Equipa decanal Directores/as de departamento Coordinadores/as dos grupos de investigación Comisión de estratexia e calidade	2016 e 2018: Reunión da ED e os/as directores de departamento e os/as coordinadores /as de grupos de investigación para deseñar actuacións neste sentido 2017 e 2019: A CEC avaliará este indicador e, eventualmente, propondrá novas actuacións	
<b>INV1.6. Incrementar a porcentaxe de programas de doutoramento con mención de calidade / selo de excelencia, ata alcanzar o 50% en 2020</b>	Concorrer ás convocatorias para a mención de calidade / selo de excelencia cando estas foren publicadas.	Equipa decanal Coordinadores/as de doutoramento UADI	2015-2020: A ED, coa axuda da UADI, informará os/as coordinadores/as de doutoramento das convocatorias de mención ou selo de excelencia que foren publicadas.	
<b>INV1.7. Aumentar anualmente a porcentaxe de teses de doutoramento que dan lugar a algunha publicación non máis tarde do ano seguinte ao da defensa da tese</b>	Informar a todo o profesorado participante nos programas de doutoramento da necesidade de incentivar as publicacións ISI Wok derivadas das teses dentro do primeiro ano seguinte ao da súa defensa.	Equipa decanal Coordinadores/as de doutoramento Comisión de programas de doutoramento	2015-2020: A ED e os/as coordinadores/as de doutoramento informarán regularmente ao profesorado da necesidade de incentivar as publicacións ISI Wok derivadas de teses. 2015-2020: A Comisión de programas de doutoramento valorará anualmente a evolución deste indicador e propondrá novas actuacións	
<b>INV3.1. Manter o nivel medio de ingresos por proxectos competitivos por PDI doutor ata 2020</b>	Difundir a información procedente da Vicerreitoría de Investigación a todos os involucrados no proceso.	Equipa decanal UADI Grupos de investigación Comisión de estratexia e calidade	2015-2020: A ED, coa axuda da UADI, informará os grupos de investigación das convocatorias que foren publicadas. 2015-2020: A CEC avaliará este indicador e, eventualmente, propondrá novas actuacións.	
<b>INV3.3. Incremento do 40% do número anual de teses defendidas na UDC con mención internacional, desde os cursos 2013-2014 ata o curso 2019-2020</b>	A ED reflexionará cos coordinadores dos programas de doutoramento da Facultade sobre a necesidade de informar a todos os doutores implicados das posibilidades de realizar unha tese con mención internacional, así como dos procesos para a súa solicitude e defensa.	Equipa decanal Coordinadores/as de doutoramento Comisión de programas de doutoramento	2015-2020: A ED e a coordinación de programas de doutoramento informarán permanentemente os/as doutorandos/as desta posibilidade 2015-2020: A Comisión de programas de doutoramento valorará anualmente a evolución deste indicador e propondrá novas actuacións	

Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>INV3.4. Manter en 2020 os valores medios de meses de estadía acreditados por PDI doutor</b>	Informar da necesidade de establecer redes internacionais de actualización de técnicas investigadores e de reactivación das carreiras investigadoras individuais.	Equipa decanal Comisión de estratexia e calidade Grupos de investigación Directores/as de departamento	2015-2020: A ED instará anualmente os/as directores/as de departamento e os/as coordinadores/as de grupos de investigación a informaren os/as investigadores da necesidade de reactivación das carreiras docentes e investigadoras individuais a través do contacto directo con outras universidades e a realización de estadías.  2016 e 2018: A CEC avaliará este indicador e, eventualmente, propondrá novas actuacións para o cumprimento do obxectivo	

ÁREA  
RESPONSABILIDADE SOCIAL

Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>RS1.3. Potenciar o número de usuarios nos programas de exercicio e saúde</b>	Difundir os programas de exercicio e saúde entre o alumnado e o profesorado usuarios habituais de equipamentos informáticos de cuxo uso continuado poden derivar problemas de saúde (visuais, posturais, óseo-esqueléticos...)	Equipa decanal Comisión de estratexia e calidade Comisión de cultura	2016: A CC e a ED elaborarán un programa informativo de "cultura da saúde" para divulgar entre a comunidade universitaria.  2017-2020: A CEC avaliará anualmente os resultados da campaña informativa en termos de participación de usuarios nos programas de exercicio.	
<b>RS2.1. Continuar a atender cada ano o 100% das necesidades de accesibilidade da Facultade de Filoloxía</b>	Estarmos atentos ás necesidades que foren .xurdindo, nomeadamente a comezos do curso. Dar conta ao alumnado e ao profesorado da existencia e funcións da persoa responsábel da atención á diversidade	Equipa decanal Comisión de estratexia e calidade	2015-2020: A ED ocuparase de garantir o atendimento do 100% das necesidades.  2015-2020: A CEC avaliará anualmente o grao de atendimento.	
<b>RS2.2. Manter o número de IP mulleres nun 50% ou superior no ano 2020</b>	Lembrar ao PDI investigador a súa responsabilidade no mantemento das cotas existentes para axudar na igualdade das mulleres na investigación global da UDC	Equipa decanal Comisión de estratexia e calidade Grupos de investigación	2017: A ED lembrará aos/as coordinadores/as dos grupos de investigación a importancia de manter o número de IP mulleres e a súa responsabilidade no mantemento das cotas.  2018: A CEC avaliará o grao do mantemento de IP mulleres e propondrá eventuais accións para a súa consecución.	
<b>RS2.3. Manter a porcentaxe de fondos de axudas destinados a estudantes fronte ao orzamento global liquidado</b>	Continuar a destinar unha porcentaxe igual ou superior ao 5% do orzamento da Facultade de Filoloxía aos gastos de funcionamento de actividades	Equipa decanal Comisión de cultura	2015-2020: A ED e a Comisión de cultura garantirán cada ano que se destina unha porcentaxe igual ou superior ao 5% do orzamento a estas axudas	
<b>RS3.1. Elaboración dun plano ambiental</b>	A realización do plano ambiental, posto que na actualidade non existe.	Equipa decanal Comisión de infraestruturas Comisión de estratexia e calidade	2018: A ED levará unha proposta ás comisións de infraestruturas e estratexia e calidade para a elaboración dun plano ambiental da Facultade, que será aprobado antes de 2019.	

Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>RS3.4. Redución do 5% en 2015 e do 10% en 2020 no consumo enerxético específico anual, expresado en kWh/empregado e en kWh/m2 edificado, con respecto a 2011</b>	Accións de aforro enerxético, como instalación de máis células de detección de movemento para máis zonas de iluminación	Equipa decanal Comisión de estratexia e calidade Comisión de infraestruturas	2017 e 2019: A CEC avaliará a efectividade das accións de aforro enerxético e, de ser preciso, propondrá novas actuacións neste sentido á ED e á CI.	
<b>RS3.5. Redución do 5% en 2015 e do 10% en 2020 no consumo de auga específico anual, expresado en m3/usuario, con respecto a 2011</b>	Accións de aforro en consumo de auga, como xa se fixo coa instalacións de billas con limitación temporal nos baños	Equipa decanal Comisión de estratexia e calidade Comisión de infraestruturas	2017 e 2019: A CEC avaliará a efectividade das accións de aforro en consumo de auga e, de ser preciso, propondrá novas actuacións neste sentido á ED e á CI.	

ÁREA  
INTERNACIONALIZACIÓN

Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>INT1.1. Manter o número de titulacións con programas de docencia en inglés</b>	Desde o centro, poranse en andamento as medidas precisas para a continuidade dos títulos con docencia en inglés	Equipa decanal Comisión de organización académica Comisión de estratexia e calidade	2015-2020: A ED, xunto co a COA e a CEC, revisarán anualmente a oferta/demanda, as taxas de éxito, eficiencia, rendemento, gra-duación e abandono, ben como a suficiencia dos medios materiais e humanos para que o Grao en Inglés continúe a ser viábel.	
<b>INT1.2. Incrementar o número de titulacións conxuntas internacionais e duplas titulacións internacionais en mestrado e grao</b>	Plan de mellora da internacionalización do MLCD: asinar convenios de dupla titulación con outras universidades, como a Jagiellonian, en Polonia, coa que xa está avanzada a negociación.  Plan de mellora da internacionalización dos graos da Facultade de Filoloxía: estamos a tramitar acordos coa University of South Wales e a Università degli Studi di Verona, ambas para o grao en inglés.	Equipa decanal Directores/as de departamento Comisión de organización académica Comisión de estratexia e calidade Comisión de relacións internacionais	2015: A equipa decanal, os directores e directoras de departamento e a coordinación das titulacións que se ofertan no centro intensificarán os contactos con outras universidades que podan conducir á sinatura de convenios de dupla titulación.  2016: As comisións avaliarán os resultados obtidos neste obxectivo estratéxico e, eventualmente, proporán novas estratexias para a consecución de convenios de dupla titulación	
<b>INT1.3. Manter a porcentaxe de estudantes de intercambio entrantes e estudantes estranxeiros sobre o total dos estudantes matriculados no centro</b>	Manter as actuacións desenvolvidas até o presente na captación de alumnado de intercambio e estranxeiro.	Equipa decanal Comisión de relacións internacionais Comisión de estratexia e calidade	2015-2020: Celebración anual de sesións informativas dirixidas ao alumnado da Facultade de Filoloxía sobre mobilidade internacional e, ben como de xornadas de acollida para estudantes de intercambio entrantes.  2015-2020: As comisións avaliarán anualmente o número de estudantes de intercambio entrantes e estudantes extranxeiros e a eventual necesidade de modificación das actuacións desenvolvidas até ese momento para o mantemento deste indicador.	



Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>INT2.1. Incrementar o número de titulacións conxuntas internacionais e duplas titulacións internacionais en mestrado e grao</b>	<p>Plan de mellora da internacionalización do MLCD: asinar convenios de dupla titulación con outras universidades, como a Jagiellonian, en Polonia, coa que xa está avanzada a negociación.</p> <p>Plan de mellora da internacionalización dos graos da Facultade de Filoloxía: estamos a tramitar acordos coa University of South Wales e a Università degli Studi di Verona, ambas para o Grao en inglés</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Comisión do MLCD</p> <p>Comisión de organización académica</p> <p>Comisión de estratexia e calidade</p> <p>Comisión de relacións internacionais</p>	<p>Durante o segundo cuadrimestre do curso 2014/2015 e durante todo o curso 2015/2016, a ED –e, no seu caso, a Comisión do Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade– continuarán a realizar as negociacións conducentes á consecución de convenio de dupla titulación internacional para as titulacións da facultade.</p> <p>No curso 2015/2016, as comisións responsábeis deste obxectivo –moi especialmente a CEC–, avaliarán os resultados e proporán novas estratexias para a súa consecución.</p>	
<b>INT2.3. Incremento anual do número de PDI e PAS saíntes e entrantes</b>	<p>Informar o PDI da posibilidade de realización de estadias STA e STT e aos PAS das estadias destinadas a este sector</p>	<p>Equipa decanal</p> <p>Comisión de organización académica</p> <p>Comisión de estratexia e calidade</p> <p>Comisión de relacións internacionais</p>	<p>Durante o curso 2015-2016, a equipa decanal e a Comisión de RRII realizarán una campaña informativa completa sobre as posibilidades de realización de estadias STA e STT do PDI, así como das dos PAS.</p> <p>Ao finalizar o curso 2016-2017, a Comisión de estratexia e calidade revisará con detalle os datos de estadias internacionais de STA e STT e propondrá á equipa decanal e á Comisión de relacións internacionais outras eventuais actuacións neste sentido.</p>	

ÁREA

FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Obxectivo estratéxico	Planos de mellora	Responsable	Calendario	Grao de cumprimento
<b>FIN1.3. Manter o nivel de captación de recursos para a investigación procedente das redes de investigadores</b>	Informar o PDI investigador das convocatorias de axudas para redes de investigadores e investigadoras.	Equipa decanal Comisión de estratexia e calidade	2015-2020: Informar permanentemente o PDI investigador das convocatorias e axudas para redes de investigadores e investigadoras.  2015-2020: Ponderar na CEC o nivel de captación de recursos e, perante eventuais descensos, propor medidas correctoras.	
<b>FIN2.4. Non incrementar o número de documentos económicos do centro validados pola CAE</b>	Estender a cultura da xestión económica fluída e de calidade entre os grupos de interese para evitarmos problemas derivados da presentación deficiente de documentación económica para a súa tramitación	Equipa decanal Comisión de organización académica Comisión de estratexia e calidade Comisión de infraestruturas	No segundo cuadrimestre do curso 2014-2015 e durante o curso 2015-2016: Facer chegar á totalidade dos interesados a información relativa á factura electrónica.  2015-2020: Informar nas diferentes comisións dos procesos de xestión económica para evitarmos presentacións deficientes de documentación económica para a súa tramitación.	
<b>FIN3.1. Resposta media superior a 6 sobre 7 en todos os centos da UDC na pregunta específica sobre motivación do Cuestionario de Autoavaliación da Docencia (AD) a partir de 2015</b>	Continuar a incentivar a participación do profesorado nos cuestionarios de autoavaliación da docencia	Equipa decanal Comisión de organización académica Comisión de estratexia e calidade	2015-2020: Ponderar na CEC os resultados anuais da enquisa de satisfacción do PDI para, perante eventuais descensos da media, propor medidas correctoras.	
<b>FIN3.2. Manter por encima do 5 sobre 7 a media das respostas sobre satisfacción na enquisa de satisfacción persoal do PAS até 2020</b>	Realizar a enquisa con normalidade	Equipa decanal Comisión de estratexia e calidade	2015-2020: Ponderar na CEC os resultados anuais da enquisa de satisfacción do PAS para, perante eventuais descensos da media, propor medidas correctoras.	



O *Plano Estratéxico da Facultade de Filoloxía 2014-2020*  
foi aprobado pola Xunta de Facultade  
na súa sesión de 17 de decembro de 2014